

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/5	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de abril de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:33 ata as 23:35 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretaria</b>	Ana M <sup>a</sup> Pérez Rodríguez

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
35566288P	Lucía Pereira González	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
35569773C	Noelia Pérez Domínguez	SÍ
34873897D	Primitivo González Souto	SÍ
36152982H	Rubén González Coto	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo Souto	NON
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

**Escusas de asistencia presentadas:**



1. Ángela Ledo Souto:  
«Baixa médica»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación de actas das sesións anteriores.

#### a) Acta da sesión ordinaria núm. 2022/10, do 22 de decembro de 2022.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/10, ordinaria de 22 de decembro de 2022 enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**Sra. Alcaldesa:** Na paxina 12 nas miñas declaración no último parágrafo na terceira liña pon "realmente son vivendas desconectadas" e ten que poñer "realmente son vivendas conectadas".

**VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/10, ordinaria de 22 de decembro; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos once membros presentes na sesión.**

#### b) Acta da sesión extraordinaria núm. 2023/1, do 1 de febreiro de 2023

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/1, extraordinaria do 1 de febreiro de 2023 enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/1, extraordinaria do 1 de febreiro; sendo aprobada por DEZ votos a FAVOR dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto e Valcárcel Bernárdez e UNHA abstencións da Sra. Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.**



**c) Acta sesión extraordinaria núm. 2023/2, do 14 de febreiro de 2023**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/2, extraordinaria do 14 de febreiro de 2023 enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/2, extraordinaria de 14 de febreiro; sendo aprobada por DEZ votos a FAVOR dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto e Valcárcel Bernárdez e UNHA abstencións da Sra. Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.**

**Expediente 1503/2022. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras de ampliación do IES Pedras Rubias.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Alcaldesa:** Como todos e todas sabemos vanse a acometer as obras de ampliación do IES Pedras Rubias unha obra que todos estaremos de acordo que é unha obra moi importante para a Vila e moi necesaria sobre todo para mozos e mozas e para as familias, no caso do Concello de Salceda temos unha Ordenanza que bonifica o Imposto sobre Construción, Instalacións e Obras (ICIO) sempre e cando sexan declaradas de interese social ou de interese especial de utilidade pública esa bonificación é dun 95% a traemos aquí como xa temos traído en outras ocasións pedida por outros colectivos de obras de interese colectivo especial esa bonificación.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como ben dixo a Sra. Alcaldesa trátase da bonificación de ese imposto de construción e obra e polo tanto non moito mais que dicir simplemente un procedemento administrativo que continúa a súa andaina e esperemos, como ben se dixo aquí, que no próximo mes, mes e pico poidamos ver xa realizado o inicio desas obras tan necesarias e que todos estamos empurrando para que así sexa.

**Sra. Castiñeira Alén:** Igual que o dixeron os compañeiros está claro que é unha obra de interese público e social e tal como se recolle na nosa Ordenanza Municipal cumpre os requisitos necesarios para que se bonifique esta construción o imposto sobre construción, instalación e obras, o coñecido o ICIO nun 95% xustifícase con total claridade, lévase feito o mesmo trámite noutros edificios de interese público como o novo centro de saúde polo tanto non hai dúbida sobre a aprobación deste punto o que si me preocupa e non vou deixar de dicir son os prazos, preocúpame moito os prazos que o incumprimento dos mesmos lle afecte ao profesorado e ao alumnado porque me da que non imos chegar a tempo ou polo menos é a sensación que eu teño e me preocupa que isto afecte a calidade



de ensino dos nosos rapaces e rapazas, non se outorgou a licenza por parte do Concello estamos pendentes do proceso administrativo de licitación e contratación de empresa e logo queda a construción da ampliación ou sexa ou se fai todo moi rápido ou eu me temo que non imos chegar, agardo que se cumpra de verdade, de verdade que digo que o compromiso da Xunta neste curso 23-24 que se poida impartir nas mellores condicións, dende logo o noso voto non vai ser outro que votar a favor, foi a Xunta quen aprobou a implantación do bacharelato sabendo que o ano que ben esa ampliación era moi moi necesaria este ano dividiuse o salón e actos, como todos sabedes, para acoller dous primeiros de bacharelato, para o ano van a ser dous primeiros e dous segundos, veremos que pasa, de verdade que agardo que a Xunta co seu compromiso e a obra se execute o antes posible ten que chegar a tempo si ou si, o voto de Movemento Salceda vai ser a favor.

**Sra. Alcaldesa:** Como xa dixen antes é un trámite que xa se ten feito noutras ocasións, dende a miña parte decir que dende urbanismo e o equipo técnico da Consellería están traballando conxuntamente se leva de forma paralela, a semana pasada falei co Xefe territorial, Cesar Ares, por outra situación que se da no colexio de San Xurxo polo tema do obradoiro que se van a trasladar os nenos e nenas durante aproximadamente quince días, o que se falou en todo momento é que as obras en principio van a comezar en breve en cuestión de un mes, mais ou menos, deberían dar comezo eu tamén espero, confío en que a Xunta lle de ese inicio de obra, en todo momento se está traballando en conxunto para levar tanto a licenza como a adxudicación e ademais no noso caso toda a documentación da licenza tamén está preparada e faltaba este trámite por documentación administrativa que se vai levar na próxima Xunta de Goberno tal como se falou coa Consellería que xeran os prazos, espero que así sexa. Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

*"Visto o expediente instado pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades A12025001 mediante escrito recibido en data 20.06.2022 (Rex. Núm. 2022-E-RC-4924) relativo á solicitude de bonificación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para a obra de ampliación do ies pedras rubias de Salceda de Caselas.*

*Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización dunha ampliación no IES Pedras Rubias, polo que poden considerarse obras de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter cultural e social, pois se trata dunha obra que esta destinada, de modo prioritario ao fomento da educación, á integración social, formación, e ao desenvolvemento cultural dos habitantes do concello, e é concreción do dereito fundamental á educación tal como proclama o artigo 27.1 da Constitución Española.*

*Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*Non obstante o disposto no informe de Tesourería núm. 2023-141*

*De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.** *Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras de ampliación do IES Pedras Rubias incluídas no expediente núm. 1503/2022 a solicitude de Secretaría Xeral Técnica da Consellería de*



Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades A12025001 mediante escrito recibido en data 20.06.2022 (Rex. Núm. 2022-E-RC-4924).

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan."

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos ONCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras de ampliación do IES Pedras Rubias incluídas no expediente núm. 1503/2022 a solicitude de Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades A12025001 mediante escrito recibido en data 20.06.2022 (Rex. Núm. 2022-E-RC-4924).

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

**Expediente 910/2023. Aprobación de proxecto básico e de execución para novo equipamento complementario ás pistas deportivas descubertas e de apoio ao pavillón existente.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. González Coto:** Traemos a aprobación un proxecto de deportes como ben sendo este novo equipamento complementario ás pistas deportivas descubertas e de apoio ao pavillón existente, proxecto que xa foi presentado nestes días pasados no programa PON 2023 da Diputación de Pontevedra e será o primeiro paso para un proxecto completo para un novo Pavillón de deportes en Salceda e para os deportistas en Salceda, unha demanda moi solicitada por todas estas persoas e todos estes deportistas, clubs responsables das areas das modalidades e disciplinas que temos con unha ampla variedade aquí en Salceda, os cos cales xa fai unhas semanas tivemos unha reunión na Devesa e de dixemos que estabamos traballando en tratando de conseguir un novo pavillón e buscando financiación nos trasladaron o seu apoio total para conseguilo. Aclarar tamén antes de dar a explicación da parte técnica desta primeira fase, por chamalle de algunha maneira, dun novo pavillón que tamén solicitamos nestes días pasados un asesoramento técnico que sacou a Deputación de Pontevedra para poder



acolernos a unha orde que vai saír nas vindeiras semanas do Consello Superior de Deportes do Goberno de España, para poder rematar este proxecto íntegro dun pavillón total e final xa para Salceda que ascende a unha cantidade total de 1.864.656,89€ polo que estamos buscando distintas financiación a través de subvención por un lado e por outro para poder acadar iso que tanto demanda os nosos clubs e os nosos deportistas e que lle fai falta espazo. Xa na parte técnica explicativa deste proxecto o que se vai facer é unha planta semisoto que servirá de complemento a esas pistas deportivas e ao pavillón municipal existente, planta semisoto que irá mais ou menos onde está o muro de pedra que limita a baixada as pistas polideportivas, hai que mover un pouco a pista de padel levala un pouco a zona de canastas porque está un pouco descadrado e poder optimizar e o día de maña ter unha pista arriba altura en cota que poida quedar dunhas medidas mais ou menos regulamentarias e que cumpran, non un 40 por 20 pero si que un 38 con algo, porque aínda hai que revisar como van a ser os perfís, os barrotes que van a suxeitar a cuberta despois no outro proxecto que xa se presentara. A edificación consta no que é a parte semisoto en tres salas polivalentes que poden ser para distintas disciplinas, 4 vestiarios completos e con accesibilidade, catro aseos separados e con accesibilidade, vestiarios para arbitros e arbitras, tres almacéns, un serve de protección contra incendios e un cuarto específico para instalacións, contará agora tamén na superficie nunha zona de cuberta unha zona para practicar deporte e que sexa tamén transitable, quedará tamén unha pista mentres tanto, mentres non saia a outra orde. Os informes son positivos e orzamento base de licitación deste proxecto é de 1.180.007,34€ IVE incluído, IVE 204.790,66€ e un presuposto sen IVE de 975.779,75€. Xa para rematar quero dar as grazas ao departamento de urbanismo porque este proxecto foi redactado polo arquitecto municipal Rubén Martín Vázquez Pérez e o seu equipo técnico polo seu traballo desenvolvido porque esta é unha orde que saíu para facer en 45 días e que traballaron arreo para poder sacalo adiante e que podamos ter un novo pavillón que tanto se demanda para todos os deportistas e os clubs de Salceda.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como ben decía o compañeiro Rubén un proxecto en 45 días un proxecto desta dimensión en 45 días eso dí moito deste goberno que unha vez mais ao noso entender e a vista queda que non planifican as necesidades con tempo e forma, porque esto non é novo a necesidade de ampliar as dotacións deportivas do noso Concello e vostedes ata fai 45 días basicamente, en canto ao pavillón salvo as cousas urxentes como algunha reparación ou as melloras do propio pavillón basicamente, pero o que darlle solución a esa demanda de fai anos e anos non se lle buscou nunca, non se buscou terrenos, non se buscou financiamento, nunca se fixo un proxecto, nunca, fíxose un boceto unhas raias pero nunca un proxecto, isto é un proxecto primeiro hai que facer un proxecto e logo optar as subvencións e axudas hai que empezar a casa pola cimentación e non polo tellado, non se pode ir a petar as portas coas mans baleiras como dixemos no pleno onde se acordou aquela moción presentada polo clubs deportivos no mes de outubro e dende entón ata fai 45 días vostedes non fixeron nada e iso unha vez mais retrata ao goberno que con boas palabras pero en vez de gastar con rigor, eficiencia nas prioridades necesarias o diñeiro público o malgastamos en cousas nunca necesarias e hai moitísimos exemplos, moitísimos onde vostedes despilfarran e malgastan os cartos dos veciños e poderían ter este proxecto fai moitísimo tempo para intentar mellorar os equipamentos deportivos, e mais, nós vamos a votar a favor xa o dixemos na Comisión pero quero dicir que vai ser un pavillón un pouco coxo e me explico, incluso o propio arquitecto o recoñeceu na Comisión, por non facer unha modificación puntual urbanística por non ter ese espazo adecuado para facer un pavillón en letras maiúsculas o que vamos a facer é un anexo a ese pavillón que vai a ter unha pista, que efectivamente vai resolver moitísimo a necesidade de uso que vai a quedar ben,



non o poño en duda pero realmente non é un pavillón propiamente dito simplemente porque a pista vai ir atravesada detrás do actual pavillón non vai ser ao longo e polo tanto o graderío que vai a levar como ven se dixo na Comisión vai a ser entorno a 40 plazas mais ou menos, por eso que sin menospreciar e sen sacarlle un ápice da importancia que ten este proxecto no sentido de que vai a resolver moitas das necesidades que temos pero tamén é verdade que si se fixeran as cousas con tempo e con planificación digo anos atrás, porque o pavillón é do ano 95 e vostedes levan gobernando dende o ano 2007 algúns dende o ano 2011 no propio goberno, e polo tanto o pavillón levaba 12 anos en funcionamento cando accederon ao goberno e agora leva 16 anos mais creo que eso demostra de que non foron capaces de buscarlle unha solución en tempo e forma, hai cousas que hai que pensalas a medio - longo prazo ir traballando e planificando con tempo e non as presas e a correr porque ao final cando aparece unha oportunidade como esta de pedir unha subvención tan importante ou non temos o proxecto ou non temos onde facelo e así as cousas se fan a medias e por iso, digamos, que eso é o pero a reprimenda que dende este Grupo facemos ao Goberno porque como dixen queda demostrado que non tiñan feito nada ao respecto, si non chega a saír esta subvención da Deputación vostedes a día de hoxe non terían ese proxecto feito e polo tanto seguiríamos como mesmo problema, nada mais que engadir, vamos a votar a favor e esperamos e desexamos primeiro que se nos conceda esa subvención, si non se nos concede tendremos ese proxecto feito, tendremos que petar outras portas e en segundo lugar si non nos conceden a subvención optar a esa outra que acaba de mencionar o compañeiro Rubén e si tampouco se concede haberá que petar en mais e intentar buscar financiamento para que en dous anos mais ou menos que é a previsión estea executada a obra completa dese anexo de ampliación de pavillón municipal.

**Sra. Castiñeira Alén:** É importante contextualizar, empezo por dicir que dende Movemento Salceda estamos super contentas con esta nova unha gran noticia que chegou fai uns días a través da Deputación de Pontevedra cando nos ofrecía esta liña de subvención chamada Programa PON 2030 asinouse o 24 de febreiro de 2023 e que nos ía permitir un pouquiño mais de 650.000€ unha aportación ademais que tería que facer o Concello para inicialmente para a área de mobilidade, humanizacións que dirixe o compañeiro Miguel eu creo que supemos ter visión de equipo unha vez mais priorizar, creo que iso é moi importante, hai moitas cousas que facer pero é importante priorizar e traballar como equipo e había dúas demandas fundamentais, unha delas era o saneamento sobre todo nas parroquias é a maior demanda que existe mais o equipamento deportivo, as bases impedían que este diñeiro fosen a saneamento e por iso o equipo de goberno decidiu optar pola ampliación destes espazos deportivos, unha demanda que coñecemos todos e todas e o colectivo que está aquí tamén porque a demandou conxuntamente xunto cos clubs deportivos nunha moción que non hai moito que trouxemos a este pleno e que aprobamos por unanimidade. Logo da toma de decisión a que se ía destinar a subvención falouse cos colectivos para dar comezo do proxecto, un proxecto moi ambicioso que orixinalmente alcanzou case os dous millóns de euros, 1.865.000€ de custe véndose neste caso a Concelleira de Deportes obrigada en repartir esa financiación en dúas fases, unha primeira fase que supón un importe de 1.180.000€ das cales 651.000€ vai ser o importe que aporte a Deputación e o Concello está obrigado polas bases aportar o 25% 528.000€. Temos que dicir e creo que o debo dicir con honestidade e con claridade que Movemento Salceda tería apostado como prioridade pola realización da creación desa pista necesaria nesta primeira fase porque ademais de que se lle facilitaría o acceso directo que agora mesmo non van estar conectados os dous espazos solucionaríase ese problema que coñecemos todos de falta de espazo para



a práctica deportiva dos clubs do noso Concello, teremos que agardar para elo a unha segunda fase, ademais una segunda fase da que non dispomos agora mesmo de financiación, de cartos para ela. Teño tamén que apuntar que debemos refacer proxectos aprobados en decembro do ano pasado nesta sesión plenaria que era a impermeabilización da fachada e do lateral que era aproximadamente 48.000€ que agora precisamente coa ampliación do pavillón esa cara non necesita esa impermeabilización e se debe reformular ese orzamento, ademais do cambio da pista de padel que tamén estaba prevista e que esta ampliación vai a afectar a pisa de padel e durante un tempo ata a súa nova ubicación tampouco poderemos realizar o cambio deste chan nin o uso da pista, entendo que é así. Remato decindo que o 23 de maio, fai facer proutiño un ano, reunímonos con Lete en Santiago, Verónica, Ruben e eu acompañados dos colectivos deportivos e Lete dixo que marcáramos as prioridades e necesidades deportivas do noso Concello e eu teño claro, a prioridade deportiva deste Concello é aportar agora mesmo 528.000€ que lle tocaría ao Concello precisamente para non hipotecar as contas do Concello e impedir que outros investimentos, como de saneamento, non se poidan realizar ou non poidan ser realizados do goberno resultante do 28 de maio, agardo ademais que todos e todas sumemos, xa o fixo a Deputación o fará o Concello pero voto de menos a Xunta que ademais o compañeiro Santi se esqueceu, supoño que por casualidade, da Xunta, agardo que a Xunta aposte pola veciñanza porque entendo que é de xutiza e remato como comecei, estou moi contenta, ata non hai moito non había esta posible liña e financiación os deberes si que estaban feitos, tiñamos un borrador dun anteprojecto dunha ampliación que traballaron os compañeiros na lexislatura anterior e si é certo que temos un problema de terreno, igual era mais sinxelo haber tido aprobado o plan xeral do 2016 e ter espacio e terreno para dotación deportiva. En positivo sempre, unha boa nova e hoxe estamos de parabéns os que representamos os veciños e as veciñas e os clubs deportivos do noso Concello.

**Sr. González Coto:** Si é verdade que o de petar portas hai que petar portas estee quen estee, evidentemente todos sabemos que en todas as portas non solo na Xunta, tamén na Diputación, etc, por sorte agora mesmo o que viu é esta axuda da Deputación unha orde da Deputación que outras veces outras ordes calquera doutros gobernos sexan da Deputación sexa da Xunta non son específicas ou non traen un ápice de algo que poida ser para deportes, esta vez houbo posibilidade e por iso decidimos metelo unha das necesidades principais, por iso tamén houbo que traballar a correr pero tamén todos sabemos que ao final un Concello como o noso facer un proxecto deste tipo tamén bastante cuantía, sí que é verdade que hai que facelo, e si temos unha certa seguridade de poder levalo adiante, porque todos sabemos que un proxecto que se fixo en poucos días, é de 1.865.000€ un proxecto íntegro dun pavillón novo cumprindo todas as exixencias e todo o que fai falta evidentemente mellorable, podería ser con moitísimo mais graderio, despois estea quen estea gobernando teremos que ir mellorando esa edificación porque os cartos nos da o que nos da. En canto o que dixo Loli, evidentemente ese proxecto de decembro haberá que reformulado e haber que gaña a licitación, haberá que reformulado ata certo punto porque todos sabemos que a edificación dun pavillón novo aínda se tarda en conseguir, teremos que ver si no lo dan ou non nolo dan, despois mirar os prazos ao mellor son dous anos, a necesidade de coller e impermeabilizar esa fachada a segue habendo, durante dous anos non podemos meter auga nese pavillón onde agora mesmo todos os deportistas e os clubs de Salceda están facendo a súa tarefa deportiva, non creo que haxa que modificalo moito pero estudiarse.

**Sr. Rodríguez Davila:** Si dan por feito que a Deputación da a subvención,





fantástico pero de momento que eu sepa non hai resolución respecto desta subvención, hai a petición feita e aquí estamos aprobando o proxecto polo tanto non temos a subvención concedida, oxalá. Vostede Sra. Dolores Castiñeira, sinto decírllo, pero é vox populi que vostedes estiveron enfrentados case vinte días tirándose a corda unha parte do goberno e outra parte do goberno respecto de si facemos o pavillón ou facemos humanizacións entón cando vostede di que a prioridade é o deporte, bla, bla.. todo eso que a vostede se lle dan tan ben e con esa posta en escena tan chula, pero a realidade é a que é Sra. Dolores Castiñeira, entón fale con un pouco mais de realismo e recoñeza que efectivamente vostedes non fixeron nada no tema do deporte, pero si vostedes traen a pleno a aprobación deste proxecto significa que non tiñan nada feito, nada onde está o proxecto deste? témolo aquí aprobando en pleno a piques de rematar un mandato, 16 anos despois de que vostedes accederan ao goberno, cada un se retrata dos feitos e como actúa, con isto e con outras cousas xa sei que está lanzada na campaña a tope, lle digo que está lanzada no sentido de que vostede está dedicando horas de traballo a facer campaña e eu creo que vostede aínda segue sendo parte do goberno e si sigue sendo parte do goberno lle pido, porque lle pagamos os veciños cos nosos impostos, que faga a campaña que teña que facer igual que os demais pero que lle dedique un pouquiño mais de tempo a gobernar porque creo que ultimamente está deixando de lado as súas funcións de goberno, e xa non é o primeiro veciño que llo reprocha publicamente vostede sabe perfectamente o lle estou decindo, e lle digo que se aplique un pouquiño mais nas súas responsabilidades, un exemplo leva semanas e semanas un burato importante na Revolta ao lado da aula e vostede creo que é a responsable de vías e obras ao mellor debía dedicarse un pouco mais de tempo a eso e non ao que se está dedicando ultimamente. Despois que volva a sacar aquí outra vez o tema do Plan Xeral xa o daba por feito, xa sabe vostede porque non se aprobou, verdade, e sabe vostede que en 16 anos so trouxeron unha vez a este pleno a aprobación do Plan Xeral, un Plan xeral único e exclusivamente dun partido político en minoría que non consensuou con ninguén, con ningún grupo político, con ningún colectivo ese asunto. E para rematar como dixeran na miña intervención, estamos aprobando un proxecto que está pedindo unha subvención que non está concedida todavía e esperemos que así sexa e por suposto que haberá que seguir petando en todas as portas para que a construción deste anexo ou novo pavillón no futuro sexa unha realidade e por certo moi ben falado polo Sr. Rubén, Concelleiro de Deportes, que isto non vai ser unha realidade dentro de un ano nin medio ano e polo tanto na primeira fase non vai levar esa pista tan necesaria e por suposto estou de acordo con el de facer esa obra de illamento da fachada e cambio de cuberta porque loxicamente o pavillón está na situación que está.

**Sra. Castiñeira Alén:** A data límite de solicitude desta subvención rematou o 21 de abril, o prazo de resolución son seis meses como moito en outubro ou comezos de novembro teremos a resolución, o precio final de execución está establecido o 30 de abril de 2025, non conto agora co prazo de execución pero está claro que isto vai ser unha obra a executar no 2024. Dígame en que estou fallando, que área estou desatendendo e quen se queixou delo? Dígame porque ademais de estar dedicándolle moitísimas horas e o fago porque me gusta estou segura que non desatendo ningunha das miñas áreas. En canto ao burato de Revolta, si hai un burato dunha obra de saneamento que se executou hai moi pouquiño, que se cubriu e se está compactando e en breve se asfaltarán, en diante de Revolta unha unitaria que o Partido Popular pechou cando se reduciu o número de nenos e nenas naquela aula.

**Sra. Alcaldesa:** Tecnicamente era inviable a proposta que había de ampliación,



porque que o chan do subsuelo da parte traseira do pavillón non permitía facer ese proxecto de esa maneira con seguridade por iso de irse ao pavillón completo ademais creo que é a única solución que daría resposta a toda a veciñanza, un novo pavillón completo aínda que haxa que levado a cabo nestas dúas fases. Contestarlle ao compañeiro do Partido Popular que comentou que dende outubro que se trouxo a moción non fixera nada o mesmo pasou cando dende urbanismo se fixo o proxecto do novo centro de día e se fixo a mesma recriminación, dende urbanismo dende o mes de outubro que se trouxo esa moción ademais de realizar un proxecto do pavillón e vendo que non se podía acadar nunha soa fase ese importe de mais 1.800.000€ houbo que refacer o proxecto en dúas fases, como ben decía o compañeiro de deportes, que deu un traballo extra, un proxecto que queda feito a parte diso neste tempo se tivo que tratar e se xestionou a subvención para o asesoramento técnico do que falaba o Concelleiro de deportes para esa nova subvención que vai a quitar o Goberno do Estado a través do Consello Superior de Deportes, iso tamén houbo que xestionalo dende urbanismo, tamén a aprobación do proxecto da cuberta do pavillón, a preparación da memoria do peche das pistas deportivas, o cambio de caucho da calestenía, da pista de pádel, iso houbo que facer as memorias para presentar as subvencións, o convenio urbanístico de Rubindo que se vai a levar a unha reunión na próxima semana, todo o expediente da licenza do IES Pedras Rubias para poder aprobar esa licenza, traballando xa en vías da segunda subvención do Consello de Deportes que cando saía vai ser un tempo moi limitado para presentalo, tamén toda a memoria dos danos ocasionados das choivas do un de xaneiro e noite de Noiteboa que saben moi ben todos que os que formamos parte desta Corporación todo o traballo que levou recopilar todos eses danos, valoralos, facer as memorias e tamén preparando xa a subvención de ata 139.000€ que quitou a Deputación para axudar a paliar eses danos e que se pretende presentar para o 7 de maio que creo que remata o prazo, o arranxo do muro de Loureiro na Picoña, das Curuxeiras o tema do Cerquido etc, todo iso entre outras moitas cousas entre e atender as licencias de particulares se fixo dende outubro dende o departamento de urbanismo. En canto ao tema que estamos tratando e como xa comentou o voceiro do Partido Socialista, Concelleiro de Deportes, este é un proxecto fundamental no eido deportivo que se demandaba dende todos os colectivos deportivos, elaboramos un proxecto completo que pasa dun millón oitocentos mil euros e despois dunha xuntanza cos colectivos e explicarlle realmente que iba a poder ser esa grada que se fala e cales eran as limitacións para ese novo pavillón, a parte diso tamén se está xestionando a seguinte subvención, se solicitou ese asesoramento técnico para presentala, neste caso dividimos en dúas fases a primeira é esta de 1.180.000€ espero que efectivamente a resolución sexa positiva e traballando, como decía na seguinte parte deste pavillón, creo que é unha oportunidade que non debería desaproveitar traballamos para telo en prazo, presentouse o día 20 e é verdade que moitas veces hai moitas cousas que poderían estar feitas pero todas e todas sabemos todos os membros da Corporación que hai moitas outras que hai que atender, como foron os episodios das choivas do un de xaneiro que entre os danos das instalacións municipais de diario, da zona do Cerquido, etc, e mais os que sufriron as empresas subiron bastante dos 600.000€ ou 700.000 € e iso tamén hai que xestionalo porque tamén hai que volver a recuperar eses viais e volver a recuperar a normalidade aínda que atendemos de emerxencia hai que xestionalo, por certo unha vez mais a Deputación nos quita unha axuda de 139.000€ e a Xunta de Galicia ningunha para eses episodios despois de moitas peticións que realizamos. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*"Visto o proxecto de obras denominado "Proxecto básico e de execución para novo*



equipamento complementario ás pistas deportivas descubertas e de apoio ao pavillón existente”, redactado polo arquitecto Rubén M. Vázquez Pérez, asinado o 14.04.2023, cun orzamento base de licitación de 1.180.007,34€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 204.794,66€ e o presuposto sen IVE a 975.779,75€.

Visto o informe de supervisión do proxecto núm. 2023-0107 emitido ao abeiro do disposto no artigo 235 da LCSP.

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0013 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución para novo equipamento complementario ás pistas deportivas descubertas e de apoio ao pavillón existente”, redactado polo arquitecto Rubén M. Vázquez Pérez, asinado o 14.04.2023, cun orzamento base de licitación de 1.180.007,34€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 204.794,66€ e o presuposto sen IVE a 975.779,75€.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado “Proxecto básico e de execución para novo equipamento complementario ás pistas deportivas descubertas e de apoio ao pavillón existente”, redactado polo arquitecto Rubén M. Vázquez Pérez, asinado o 14.04.2023, cun orzamento base de licitación de 1.180.007,34€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 204.794,66€ e o presuposto sen IVE a 975.779,75€.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

### **Expediente 672/2023. Aprobación de proxecto de obra “Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Este proxecto que traemos hoxe aquí para aprobación definitiva xa foi explicado con anterioridade pero vamos a repasalo con detalle, o



proxecto títulase "Renovación do alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas" que consta basicamente na renovación de todas as farolas do Concello, a iluminación exterior, o alcance das luminarias existentes son de 2979 das cales se substituíran 2778, como vedes hai un desfase de 201 farolas que corresponde con unha actuación que se fixo anteriormente no casco urbano onde se cambiaron 200 farolas a tecnoloxía led, vaise cambiar as outras 2778 e vaise actuar para mellorar a eficiencia vaise actuar tamén sobre os 56 cadros de mandos existente dos cales, unha vez rematada esta actuación, van resultar solo 53 cadros de mando porque tres deles intégranse en outros por considerar o equipo redactor que non son necesarios dous separados. Os cadros de mando van levar un dispositivo de tele-xestión de control de consumos, de control de luminosidade, horarios de discriminación luminaria, e dicir, vai haber tramos de noite onde se reduza a intensidade e outros tramos onde se intensificará o cal suporá un aforro moi importante. Para que nos concederán esta subvención había que xustificar un aforro entorno ao 60% no consumo do quilovatios, estamos falando que xa no estudio previo, na memoria valorada que se enviou para a aprobación inicial xa contemplaba un aforro estimado do 63%, isto vai repercutir moito na factura eléctrica, sabedes que a factura eléctrica non é so o consumo do quilovatio hai moitos outros compoñentes da factura, pero vai supor un aforro importantísimo sobre todo os precios que acadaron ultimamente o quilovatio. Comezamos en base ao Real Decreto do 3 de agosto de 2021 e inmediatamente nos puxemos a traballar neste tema, enviouse a memoria valorada en novembro de 2021, encargóuselle a un equipo redactor dunha enxeñería, enviouse esta memoria e enviaron uns requirimentos os técnicos do IDAE, Instituto para a Diversificación e Aforro Enerxética, algún asunto das luminarias que puideran non cumprir as características da orde da convocatoria, estes requirimentos foron contestados en xuño do 2022 e chegou a notificación da resolución provisional aprobando o proxecto o 4 de novembro de 2022, tomáronse o seu tempo porque a cantidade de proxectos que entraron en toda España debeu ser importante, de feito esta Orde Ministerial do 3 de agosto tiveron que suplementala mais tarde para ampliar a cantidade de diñeiro que se metía nisto, tivemos que aceptar a subvención, envióuselle inmediatamente o mesmo día 6 de novembro de mesmo mes que chegou a Resolución enviouse a aceptación de subvención e viu definitivamente aprobada o 16 de xaneiro deste ano, chegou a concesión coa nosa alegría que nos concederon o 100% da inversión solicitada, concedéronnos exactamente 1.435.031€, porque consideraron que era un proxecto integral para todo o Concello, sumáronlle tamén as 200 farolas que estaban cambiadas e consideraron o proxecto integral por iso nos concederon o 100% cando sabedes que esta Orde partía dun 80% - 20%, 85%-15% andaban aí movéndose neses porcentaxes, a nós concedéronos o 100% co cal vai incluído o IVE, vai incluída a redacción do proxecto, vai incluída a dirección de obras, todo vai incluído neste 1.435.031€, creo que é a subvención mais alta da historia do Concello de Salceda. Encargamos a redacción do proxecto, a base estaba feita na memoria valorada, encargámosllo a mesma enxeñería previa presentación dun presuposto que nos pasou e esta xa foi metida polo rexistro o 21 de marzo deste ano, foi informada favorablemente polo aparelador municipal e é o que traemos hoxe aquí a maior inversión da historia do Concello de Salceda que vai supoñer un aforro na factura enerxética importantísima e unha mellora da eficiencia en tódalas parroquias en todas as luminarias.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como ben explicou o compañeiro Miguel trátase deste proxecto para aforro enerxético a través de cambio de luminaria para luces led, polo tanto como se está facendo nos diferentes Concellos de Galicia e España cada vez vemos mais esa iluminación en cor branco e non tanto amarela. Nos votaremos a favor, benvida sexa e esperemos e como dixemos na Comisión, se



acerte logo cando se licite o contrato a empresa e que non teñamos como en algunha ocasión ter que pelexar con eles, que quede ben executada, que metan o material que ben no proxecto e esperemos e confiemos que os técnicos, que non o poño en dúbida, acertasen coa elección tanto co tipo de iluminaria como todos os elementos que conleva este proxecto importante, dende o Grupo Popular, loxicamente, votamos a favor.

**Sr. González Coto:** O Partido Socialista o seu voto tamén vai ser a favor, evidentemente é unha mellora enerxética salientable e aforrar moitísimo, xa despois vamos a levar o informe de seguimento para o Plan de Acción para a enerxía sostible o clima que é unha das medidas que se colleu e que xa se incorporou, contentos de que veña unha cantidade así e poidamos cambiar todas as luminarias de Salceda, das parroquias e as que quedan cerca do Centro.

**Sra. Castiñeira Alén:** Eu non podía deixar pasar este último pleno ordinario da lexislatura 2019-2023 no que imos aprobar este proxecto do cambio integral das luminarias das nosas parroquias xa se fixo no centro, como dixo o compañeiro Miguel, a tecnoloxía led o que suporá un aforro económico pero tamén un aforro medioambiental que é sumamente importante, a aprobación deste proxecto é hoxe un pasiño mais temos a proposta de pregos preparada para que Secretaría en breve lance a licitación e poida ser unha realidade canto antes. Decía, Miguel, tamén 2778 luminarias e conseguindo ese aforro enerxético do 63%, un proxecto iniciado fai un montón de tempo dirixido por servizos municipais a Concellería que leva o compañeiro que obtivo ademais a maior subvención do noso Concello casi un millón e medio, 1.435.000€, Miguel creo que non poderías rematar de mellor xeito esta lexislatura estes catro anos adicados a Salceda e faino ademais deixando este legado que é tan importante tanto para a vida nas parroquias, tanto para o medio ambiente, como para permitir o aforro enerxético nos nosos fogares nas nosas casas, en definitiva mellorar a vida da veciñanza, eu doulle as gracias porque sei que non vai repetir na vindeira lexislatura e dende logo Miguel non podías deixar mellor legado, gracias.

**Sra. Alcaldesa:** Hoxe é un pleno de cousas importantes acabamos de aprobar un proxecto para deportes e agora este proxecto no que os servizos municipais melloran con esas luminarias e que fará que camiñemos un pouco mais hacia esa Salceda mais sostible que creo que todos e todas queremos co cal non podo estar mais de acordo coas palabras ditas dos dous portavoces de que este é un proxecto que hai que levalo a cabo, que o hai que facer canto antes e o apoio completo do Grupo Socialista tamén. Dou lectura da proposta de acordo seguinte:

*"Visto o proxecto de obras denominado "Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas", redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 21.03.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€.*

*Visto o informe de supervisión do proxecto núm. 2023-0106 emitido ao abeiro do disposto no artigo 235 da LCSP.*

*Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0012 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Visto que se cumpren os requisitos esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*



Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado "Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas", redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 21.03.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP."

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obras denominado "Renovación de alumbrado público exterior en el ayuntamiento de Salceda de Caselas", redactado polos enxeñeiros industriais Javier Regueira Miguéns e Juan Prieto Rodríguez asinado o 21.03.2023, cun orzamento base de licitación de 1.398.731,82€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 242.755,11€ e o presuposto sen IVE a 1.155.976,71€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

**SEGUNDO.** Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

#### **Expediente 868/2023. Ratificación de Resolución núm. 2023-0401 de aprobación de proxecto de "Mellora de accesos a Portela (Picoña) e Pedrabuxiña (Parderrubias)"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Castiñeira Alén:** Traemos a este pleno, despois do 3 de marzo de 2023 a través do Plan Marco da Xunta de Galicia saíra unha liña de subvención para arranxo de estradas municipais, permitiunos seguir adiante con ese plan de mellora de estradas municipais con dúas delas na Portela en Picoña e en Pedrabuxiña en Parderrubias, dous treitos de estradas municipais que necesitan unha mellora urxente que erán demandas veciñais, son moitos os quilómetros de rede viaria que temos no noso Concello e a veces é moi complexo chegar a todas elas e por fin lle chegou a quenda a estas dúas, a da Portela en Picoña un acceso a traída de Barreiro sobre un 420 metros de lonxitude, a estrada ten no seu precurso ancho de 3 a 4 metros polo que se dificulta o paso dos vehículos un por outro, polo que se vai a anchar algunhas tiras ademais de realizar o asfaltado completo, e logo outro treito en Parderrubias en Pedrabuxiña este treito é de 187



m<sup>2</sup> o firme está moi deteriorado, hai un problema de baixada de augas e necesita unha canalización de pluviais para que ese firme non se deteriore e ademais está previsto a canalización Das cunetas de gran parte dese treito. O prazo de execución unha vez que nos conceda a subvención é de un mes e o importe son 55.707€, obras que como vos decía antes, necesarias moi demandas polos veciños as que ao final chegamos, o treito de traída é un treito de paso moi usado para ir a traída, as veces se prioriza onde hai mais veciños, veciñas, se van deixando estas cousas de lado ata que por fin chega a oportunidade e se poden incluír estes proxectos así que Portela e Pedrabuxiña en breve e si a Xunta nos concede esta subvención serán arranxadas.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como ben dixo son pequenas melloras en pistas municipais onde efectivamente o deterioro do asfalto é mais que considerable polo tanto o noso voto vai ser a favor, é verdade que o Plan Marco é un plan anual e podemos asegurar casi con total seguridade que se nos vai a conceder como todos os anos ao igual que ao resto dos Concellos e polo tanto esta inversión se vai a executar nos vindeiros meses para que eses tramos de pista tanto en Pedrabuxiña como en Portela-Picoña melloren os seu estado actual que por todos é sabido, sobre todos os que por aí usan e pasan están no estado a que están.

**Sr. González Coto:** O voto do Partido Socialista tamén vai ser a favor para arranxar os problemas deses camiños que xa explicou a Concelleira de vías e obras en calquera dous tramos tanto en Parderrubias como nese tramo de subida a traída de Barreiro alí en Picoña.

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura a Resolución núm. 2023-0401 de aprobación de proxecto de "Mellora de accesos a Portela (Picoña) e Pedrabuxiña (Parderrubias)"

*"Ratificar a Resolución núm. 2023-0401 de aprobación de proxecto de "Mellora de accesos a Portela (Picoña) e Pedrabuxiña (Parderrubias)" que literalmente di:*

*"No Diario Oficial de Galicia Núm. 44, venres 3 de marzo de 2023, publicouse a Resolución do 28 de febreiro de 2023 para a concesión das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva (DOG Núm. 44 de 3 de marzo de 2023)*

*Visto que o obxectivo destas axudas esta en mellora as condicións da vida da poboación rural e tratar de evitar a despoboación, entre outras actuacións, mediante a mellora da accesibilidade, a mobilidade, e a seguridade e a cohesión rural.*

*Entre as actuacións que considera necesarias este Concello están levar a cabo o proxecto de "Mellora de accesos a Portela (Picoña) e Pedrabuxiña (Parderrubias)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de marzo de 2023 e cun orzamento total de execución por contrata de 55.707,53 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.668,25€ e o orzamento sen IVE a 46.039,28€.*

*De conformidade co anterior e no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,*

**RESOLVO:**

**PRIMIEIRO.** Aprobar o proxecto de obras para "MELLORA DE ACCESOS A PORTELA (PICOÑA) E PEDRABUXIÑA (PARDERRUBIAS)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños,



Canle e Portos, Francisco Javier Carballo Núñez, de data de marzo de 2023 e cun orzamento total de execución por contrata de 55.707,53 € (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.668,25€ e o orzamento sen IVE a 46.039,28€. Deberá levarse a cabo o reformulo do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP

(...)"

**VOTACIÓN: Sometida a votación a ratificación da Resolución núm. 2023-0401 de aprobación de proxecto de "Mellora de accesos a Portela (Picoña) e Pedrabuxiña (Parderrubias", esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión.**

### **Expediente 2898/2022. Aprobación do informe de seguimento e do anexo rectificativo do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES)**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. González Coto:** O PACES é un documento vivo para adaptalo a realidade a medida que vamos avanzando nas accións a desempeñar, por outra parte a adhesión ao Pacto das Alcaldías mais a aprobación deste documento implican que cada dous anos hai que realizar un informe de seguimento deste plan e co que traemos hoxe aquí o que queremos é cumprir os compromisos asumidos. Este informe é unha revisión do actual e incorpora varias accións levadas a cabo polo Concello e tamén novas medidas encamiñadas a mellorar a resiliencia ante os riscos climáticos e a reducir a pobreza enerxética, en canto as propostas das 17 medidas de mitigación existentes condénsanse en trece revisando o seu contido evaluando o grado de avance de cada unha delas para acadar o obxectivo final de reducir as emisións de CO2 para o ano 2030 e incorpóranse tamén medidas de mitigación con oito novas como poden ser as medidas para promover o aforro enerxético nas propias casas ou nas edificacións municipais ou as propias accións levadas a cabo no eixo dos residuos, despois tamén se incorporan sete medidas de adaptación ao cambio climático que recollen iniciativas medioambientais levadas a cabo como foi proxecto europeo FOREST que é un proxecto de novos usos de sistema innovador do monte o melloras na rede de abastecemento como foron as subvencións nas traídas, as melloras na rede saneamento ou tamén actividades medioambientais de concienciación, engadese tamén unha nova que busca paliar a incidencia da pobreza enerxética no Concello de poder reducir a exposición a ela na poboación mais vulnerable, en resume esta revisión do PACES conta con 21 medidas para mitigar o cambio climático e adaptarse aos seus efectos que alenta ao Concello a continuar cos esforzos xa iniciados a través dunha mellora na comunicación en cuestión medioambiental e na organización de actividades como son aforro enerxético no fogar ou a reciclase ou outras que tamén están.

**Sr. González Souto:** Volvemos a falar do PACES, o 30 de novembro do 2020 aprobamos a presa e correndo nun pleno extraordinario urxente o PACES para non perder a subvención naquel momento pois o prazo límite era ese mesmo día, dese pleno recordo que denuncie persoalmente as carencias do documento que





estabamos aprobando pois sendo o documento marco o que nos ía guiar a nivel medioambiental ese documento non cumpría coas expectativas que este Grupo tiña posto nel, non era nin serio nin riguroso e sobre todo carente de carga técnica o que dixen naquel momento foi "que como documento base, como punto de partida e escueto e xeneralista, e decir, creo que debería ser mais ambiciosos" de feito ata advertín que non estaban todos os puntos no plan. No pleno de abril de 2022 aprobamos unha modificación exixida polo persoal técnico do PACES porque o documento non cumpría coas premisas básica e agora un ano despois traemos a pleno a aprobación de dous documentos, un sí que é un informe de seguimento que tal como se queda no Pacto das Alcaldías cada dous anos hai que facer un seguimento de feito creo que este informe chega un pouco tarde, tívose que pedir unha prórroga de nove meses para chegar a tempo, e o outro documento é o anexo rectificativo, estes informes e anexos veñen a decir, o di o propio informe de seguimento, no anexo "durante os traballos de elaboración do primeiro informe de seguimento detectáronse deficiencias no PACES que é preciso abordar, a ausencia de obxectivos e accións específicas para a adaptación ao cambio climático, a ausencia de medidas para a pobreza enerxética e a falta de definición nos aforros enerxéticos e de emisións específicos de cada unha das medidas de mitigación" isto é o que puña no anexo e no informe de seguimento ven a decir practicamente o mesmo que identificáronse eficiencias salientables na clasificación das accións e sectores, na estimación dos aforros enerxéticos e das emisións das medidas propostas, di "O PACES non incorpora as accións levadas a cabo nos últimos anos e adoce en xeral de accións específicas de adaptación" non o digo eu o din os propios informes que vamos a aprobar hoxe aquí, nas accións de mitigación quero salienta a seguinte, medidas para promover o aforro enerxético nas edificacións domésticas nos próximos anos o seu estado agora mesmo é non iniciada, como outras, no anexo a que imos aprobar indica a importancia de motivar ao sector residencial na inversión de renovables o dí aquí como recomendacións e novas propostas nesa liña será clave facilitar o acceso a veciñanza a información sobre axudas a subvencións dispoñibles para a renovación enerxética e a implantación de enerxía renovables nas súas vivendas. Propuxemos a este pleno en dúas ocasións a modificación da Ordenanza do ICIO no pleno de abril e do de agosto de 2022, bonificar o ICIO para obras e instalacións de enerxías renovables a primeira que era un rogo, que nos dixeron que como rogo non se podía, a segunda vez que presentamos si a aceptaron como moción pero votaron en contra porque dixeron que xa a traerían vostedes, a verdade é que a día de hoxe esa bonificación do ICIO está no tinteiro, ouxexa unha medida que vostedes propoñen no propio PACES e nin tan sequera a trouxeron aquí. Din na proposta da Alcaldía que isto é un documento vivo, que sutileza, eu diría que é un documento que non había por onde collelo inicialmente, tamén o que me chama a atención é que no seu momento valeu 6.000€ mais IVE que sinceramente creo que un neno de segundo de bacharelato houbera feito o mesmo documento, e agora atópome que hai dúas empresas que traballaron na evolución disto a primeira foi ECOPLANING e gora hai outra que é PLANIFICACIÓN TEC, canto a maiores temos que pagar os veciños e veciñas de Salceda para subsanar os deficiencias dun documento de partida que foi tan caro.

**Sra. Castiñeira Alén:** Como ben decía o compañeiro Tivo o Pacto de Alcaldías o primeiro asinouse o 22/2/2019 e logo aprobouse o PACES, Plan de Acción para o clima e a enerxía sostible no pleno do 30 de novembro de 2020, isto supuña a obriga do noso Concello de compartir informes de entregar uns informes de seguimento e hoxe é o que estamos facendo e o que lle vamos a dar cumprimento, eu creo que vamos no bo camiño o PACES supón moitísimas medidas e haberá que ir pouco a pouco cumpríndoas, moitos compromisos, creo que se fixeron moitos e moi importantes pola súa importancia gustaría destacar



uns cuantos o primeiro o proxecto de creación dunha balsa de auga que é futuro pero está aí de aproveitamento da auga da choiva para a rega durante os períodos de seca, sabedes que tuvemos moitísimos problemas o verán pasado e menos mal que estaba a balsa de Pegullal para abastecer os noso espazos verdes e seguir regando plantas e demais espazos, porque é moi fácil dicir cortamos a auga cando iso supón un custe para un Concello tan pequeno como o noso entón hai que adoptar medidas excepcionais e creo que a proposta de creación desa balsa é sumamente importante, levouse a diante o proxecto MEET YOUR FOREST de xestión innovadora do monte, ademais delo falamos antes o cambio de luminarias que se vai a realizar en todas as parroquias, humanizouse a rúa Joaquín Fernández Sestelo, unha transformación de rúas que sempre está relacionado coa mobilidade urbana sostible e coa mellora medioambiental coa recuperación de espazos para as persoas e para aqueles colectivos con mais necesidades e tamén se bonificou, se bonificou os vehículos menos contaminantes, creo que debemos seguir neste camiño hai moito que facer e farase no coidado do medio ambiente no noso concello.

**Sr. Gonzalez Coto:** O Paces é un documento vivo pero tamén ten que plasmar unha realidade, temos que facer cada dous anos un informe técnico que terá que ser alguén externo porque non temos técnicos medioambientais no Concello, a empresa que o redactou no momento que se lle solicitou un presuposto dixo que tiña carga de traballo e que non iba poder cumprir, un problema que tamén tivemos é que tivemos que pedir un aprazamento e que nos deron e que non houbo ningún problema entón buscamos outra empresa que é esta Planificación Tech o custe é de 960,07€ xusto os dous informes que fixeron e que hoxe vamos a aprobar. En canto as carencias, si tiña pero porque é un documento que se pode ir plasmando todas as argumentación pouco a pouco, carencias eu non lle chamaría que se pode ir completando si, pero a medida que vas facendo cousas como todos os traballos de saneamento que se fixeron ao longo destes anos podes incluílos, as humanización cousas que se meteron neste informe que plasman un pouco e chegar ao 2030 con esa redución do CO2 que nos exixen do 40%. En canto as aportacións tamén só son esas dúas medidas que aportou o Partido Popular en catro anos para poder sumar ao PACES porque poderíamos coller e meter moitas mais, pero tamén digo hai que ser realistas porque xa hai algunhas que se eliminaron ou se meteron dentro de outras das que temos porque vamos a seguir traballando en elas como son tarefas de compostaxe, implantación de enerxía renovables, como ti dis, fotovoltaica nas obras que estamos facendo nas edificacións grandes como a obra da Devesa, Piscina, é un continuo traballo e temos que seguir mellorando medioambientalmente todo non é coller e dicir vamos a poñelo aí porque queda bonito pero despois hai que facelo pouco a pouco para reducir esas emisións.

**Sr. González Souto:** En canto as medidas que aportamos no PACES cando se aprobou recordeo que foi un pleno extraordinario urxente apenas tivemos tempo para miralo pero mesmo así creo que viñemos co traballo feito e aportamos algunhas medidas, tamén che pregunto cantas reunións me planteaches para falar do tema porque ao final a voz cantante levala ti, si houbeses planteado a este Grupo para reunirse para ver en que podemos mellorar no tema medioambiental no documento do PACES pola nosa parte estaríamos encantados de poder axudar. En canto aos importes ao custe do informe rectificativo e do anexo, que por certo, este si este informe de seguimento e este anexo ten carga técnica de feito cuestiona todo o detrás, cuestiona como se mediron as emisións, sobretudo a nivel residencial, fai fincape realmente nos puntos importantes onde podemos actuar para reducir as emisións de CO2 para chegar ao 2030 cun 40% menos pero hai que darse conta iso valeu 900€ o outro valeu 7.200€, ten mais



valor esta última parte practicamente que a outra porque o que fai esta última parte é cuestionar todo o anterior. En canto as opcións aportadas creo que valorar a opción no edificio deste Concello a instalación de placas fotovoltaicas é unha sinatura pendente dende fai anos, ata lle compensa ao Concello pedir un crédito porque rentabiliza, hai subvencións específicas para administracións públicas para aproveitamento e incluso para climatización e sobre todo horario no que traballa o Concello practicamente de 8 a tres da tarde xusto canto a enerxía solar ten o seu máximo pico de consumo, o vindeiro 28 de maio as eleccións toque a quen lle toque debería valoralo porque é optimizar o diñeiro que os Salcedenses pagan de certa maneira.

**Sra. Alcaldesa:** Me sorprende que o PP nos incite a pedir un crédito despois de todas as noticias que están saíndo pola súa parte na prensa. Tamén gracias por recordarme que dende o departamento de urbanismo que dirixo tamén traballou na Ordenanza do ICIO, dende urbanismo está todo feito falta algún detalle de tesourería que pola carga de traballo que houbo nestes últimos tempos non se puido levar a cabo. Creo que o Concello de Salceda vai, como decía a voceira de Movemento Salceda, de traballar no camiño pola sostenibilidade de ir avanzando e dando pasos neste eido, creo que se deron moitos pasos, por suposto creo que queda moito que dar e vamos avanzando na medida do posible e cos medios tamén o permiten, eu creo que todos e todas que somos representantes aquí neste pleno sabemos que efectivamente o PACES é un documento vivo se poden ir introducindo medidas, modificacións de feito se trata de iso, digamos que a función principal do PACES é ir adaptándose aos tempos e ao contexto e nós debemos ter a capacidade, como se está tendo, para ir facendo o seguimento e para ir mellorando ese documento de iso se trata ao igual que están facendo outras Alcaldías por toda España que se engadiron a este Plan de Acción contra o clima, damos pasiños que ao mellor podían ser mais grandes pero hai que seguir traballando niso toque a quen lle toque dende logo isto non pode parar aquí hai que seguir traballando nese camiño ir camiñando hacia unha Salceda moito mais sostible. Paso a dar leer a proposta de acordo seguinte:

*"O Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía consiste no compromiso das cidades signatarias de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en máis do 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e a mobilidade urbana sostible, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte ao mesmo.*

*O concello de Salceda de Caselas, comprometido co obxecto de apoiar a implantación e desenvolvemento do sinalado Pacto, firmou a adhesión ao Pacto das Alcaldías o 22 de febreiro de 2019 e aprobou en pleno o 30 de novembro de 2020 o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas co obxectivo de mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) e adaptación ao cambio climático no marco de Materia e Enerxía que a Unión Europea traslada ás Autoridades Locais.*

*Dito compromiso implica tamén entregar un informe de seguimento do Plan cada dous anos e que debe ser aprobado polo pleno municipal. Neste caso ademais de dito informe de seguimento, levamos un anexo rectificativo do propio PACES xa que ao ser un documento vivo é preciso adaptalo á realidade a medida que se avanza nas accións.*

*Realizada a tramitación correspondente PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

**ACORDO**



**PRIMEIRO.-** Aprobar o "Informe de Seguimento" e o "Anexo Rectificativo" do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas, co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos coa adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

**SEGUNDO.-** Remitir copia do presente Acordo xunto co Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e proceder á subir os documento na web [www.pactodelosalcaldes.eu/](http://www.pactodelosalcaldes.eu/)

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o "Informe de Seguimento" e o "Anexo Rectificativo" do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas, co fin de dar cumprimento aos compromisos asumidos coa adhesión ao Pacto das Alcaldías para o Clima e a Enerxía.

**SEGUNDO.-** Remitir copia do presente Acordo xunto co Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) de Salceda de Caselas á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e proceder á subir os documento na web [www.pactodelosalcaldes.eu/](http://www.pactodelosalcaldes.eu/)

**Moción do Grupo Municipal Movemento Salceda, sobre execución do enlace das estradas de titularidade autonómica PO-510 coa PO-411 na Lagoela.**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. González González:** Primeiro dou lectura a moción seguinte:

*"De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas o Grupo Municipal de MOVEMENTO Salceda desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*En diversas ocasións temos presentado perante os organismos competentes da Xunta de Galicia a proposta da necesaria mellora do enlace da Lagoela, cada vez MÁIS acuciante, que afecta a dúas estradas da súa competencia, a PO-510 e a PO-411.*

*No seu día, durante a execución da nova estrada PO-510 (O Porriño-Salvaterra de Miño), a Consellaría de Infraestruturas da Xunta de Galicia optou por salvar o cruzamento coa PO-411 mediante un paso elevado, deixando sen acceso ao tráfico que se debería incorporar cara a Salvaterra desde a PO-411, e tamén en sentido contrario ao tráfico que, procedente de Salvaterra, queira ir en dirección Tui. O tráfico nestes dous sentidos foi obrigado a transitar polo centro da vila, incluídos os vehículos de gran tonelaxe.*



*Co paso do tempo realizáronse obras de humanizacións en distintas zonas do Casco Urbano de Salceda, recuperando espazos para a veciñanza en detrimento dos vehículos, sobre todo para o asunto que nos afecta, a contorna da Praza da Devesa e a rúa Gándara. A contorna da Praza da Devesa, ademais de estar formada por plataforma única, contén un parque infantil, e o parque da Gándara contén dous parques infantís, as piscinas municipais e unha área deportiva. Sobra dicir que estes dous ámbitos polos que circula todo este tráfico pesado por carecer de alternativa, están moi concurridos de nenas e nenos ao ser Salceda un dos únicos concellos de Galicia con crecemento poboacional positivo e un dos de menor media de idade do País.*

*Como temos dito ao principio desta moción, témonos reunido coa Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, co xefe provincial da Axencia Galega de Infraestruturas e co director provincial de estradas en varias ocasións.*

*En marzo de 2018 mantivemos unha xuntanza na Axencia Galega de Infraestruturas para avaliar os estudos de remodelación do enlace da PO-510 coa PO-411. Nesa xuntanza acordamos que a empresa encargada polo Concello de Salceda de Caselas de realizar os estudos pertinentes, se puxera en contacto co Xefe Territorial de Infraestruturas da provincia de Pontevedra, Fausto Núñez, para avaliar conxuntamente as diferentes alternativas.*

*En canto ao estudio de remodelación do enlace da PO-510 coa PO-411: unha vez descartada tecnicamente e de maneira rotunda na xuntanza mantida a opción de construción dunha rotonda en superficie, e tamén polo seu elevado custe e complexidade técnica a opción dunha rotonda elevada, a alternativa proposta é unha solución en dobre pesa con dúas glorietas de diámetros 36 e 33,5 m que permite tódolos movementos e cambios de sentido sen obrigar ó acceso ó centro de Salceda de Caselas para completar os xiros.*

*O 26 de abril de 2019 enviamos o estudo tal e como acordamos para que a Axencia Galega de Infraestruturas redacte o proxecto definitivo co obxectivo de executar coa máxima urxencia posible esta infraestrutura que é claves para a conexión da vila da Esfarrapada dende a perspectiva da conectividade e da seguridade.*

*O 16 de outubro de 2019 mantivemos unha xuntanza no Concello de Salceda de Caselas con presenza de Loli Castiñeira, Alcaldesa, Miguel González, Concelleiro de Vías e Obras e Rubén Martín, arquitecto municipal, por parte do Concello, e con Jose Luis Díez e Fausto Núñez por parte da Consellería de Infraestructuras, na que se analizaron de novo estes temas.*

*Posteriormente, o 12 de abril de 2021, Loli Castiñeira, Alcaldesa e Miguel González, Concelleiro de Mobilidade reuníronse coa Conselleira de Infraestruturas Ethel Vázquez, onde entre outras cuestións se volveu analizar a necesidade da mellora do enlace da Lagoela, presentando o anteproxecto que inclúe as dúas rotondas e incluso retomando a idea dunha rotonda en superficie, que serviría ademais para calmar o tráfico da PO- 510.*

*Por todo o exposto, os grupo municipal de Movemento Salceda propón ao Pleno da Corporación do Concello de Salceda de Caselas a adopción do seguinte acordo:*

*- Instar á Xunta de Galicia á execución do enlace en todas as dirección das estradas de titularidade autonómica PO-510 coa PO-411 na Lagoela, mellorando así a seguridade do Casco Urbano ao retirar o tráfico pesado do mesmo."*

**Sr. González González:** Quero aclarar que xa se levan moitos anos traballando nas humanizacións da Vila da Esfarrapada unha Vila que ten medrado de forma persistente nas últimas décadas e que dende o Goberno Municipal queremos facer mais habitable sempre foi un empeño dos gobernos do cambio, chámolle gobernos de cambio os que naceron a partir do 2007, os sucesivos goberno do



cambio facer unha vila mais comfortable para as familias, para os nenos, para as persoas maiores compatible ao mesmo tempo co mantemento e desenrolo do pequeno comercio dentro do casco urbano, para conseguir este fin témonos acollido a moitos tipos de subvencións para mellorar a mobilidade da Vila neste senso, algo que a última subvención a que nos temos acollido para a redacción de proxectos de humanización foi adherirnos ao Plan AGORA da Deputación Provincial que de momento solo subvenciona redacción de proxectos pero nun futuro vai subvencionar tamén a execución das obras que están baseadas nestes proxectos, para acollerse a este Plan Ágora da Deputación hai que cumprir unha serie de parámetros que no Casco Urbano de Esfarrapada son difíciles de cumprir na maioría das rúas porque a deficiencia de diseño de inicio destas rúas de 10 metros de ancho en moitos casos en 9,5 metros, incluso non se cumpriron os 10 metros, é difícil cumprir porque o Plan Agora exige un ancho de beira rúas de 2,5 metros, sentidos únicos, zonas axardinadas, zonas de aparcamento, etc, moi difícil cumprir con estes parámetros e cando non se cumpren con estes parámetros de ancho de beirarrúas hai que ir a outra solución que é a de plataforma única, a plataforma única sabedes que contempla o tráfico rodado mais o tráfico peonil con prioridade sempre para os peóns, non hai saltos de beirarrúas ao tráfico rodado con delimitacións marcadas con distinto tratamento no pavimento ou con distintas cores, sempre marcadas pero sen obstáculos de altura. Tense feito moito neste senso na Vila da Esfarrapada e queda moito por facer aínda, neste camiño de melloras sempre tivemos un problema na Vila da Esfarrapada que sempre tropezamos coa Xunta de Galicia, digo isto porque a moción que traemos hoxe aquí sobre execución do enlace das estradas de titularidade autonómica PO-510 coa PO-411 na Lagoela é a pedra coa que tropezamos sempre nas humanizacións da Vila da Esfarrapada, non podemos tolerar esta densidade de tráfico polo centro da Vila coas humanizacións que temos feito, temos feito reunións, mais reunións presentamos anteprojectos pagados por este Concello sen corresponderlle e a cousa segue aí a ponte da Lagüela segue aí e a ver ata cando toleraremos este tráfico de camións de 40 toneladas a todas horas polo centro da Vila polas zonas humanizadas, polas zonas de plataforma única como é a da Devesa. Para rematar quero recordarlle ao Partido Popular de Salceda que na campaña das eleccións do 2011 fixo unha foto que foi moi famosa na ponte da Lagüela estaba Santi, Joaquín e outros que non me lembro acompañando ao daquel Conselleiro de infraestruturas creo que era Agustín Hernández, publicitastes que se iba liquidar xa, que se iba facer unha rotonda en superficie me temo que vades a ofertar o mesmo nesta campaña do 2023, dixestes daquela que ivades a arrimar o hombro para solucionar este problema de tráfico pesado polo centro e seguimos esperando a vosa axuda, esperemos que vos poñades man a obra.

**Sr. Rodríguez Davila:** Unha vez mais unha vez mais unha moción que foi debatida fai poucos meses, en outubro, ata o día de hoxe non temos noticias ao respecto por parte do Goberno que é quen ten de liderar esto e agora vemos que unha parte do goberno fai unha moción respecto do mesmo asunto sen a outra parte do goberno e cando temos un goberno que en vez de ser un goberno unido na mesma dirección facemos oposición pola tarde e pola mañá intentamos medio gobernar así nos vai, sonreimos cando decimos estas cousas pero é a realidade é un reflexo do que vostedes representan agora mesmo para os Salcedenses, un goberno totalmente dividido que cada un vai polo seu lado e o estamos vendo no último pleno ordinario dese mandato, con iniciativas con alagos propios a é urbanismo, é de vías e obras, é de deporte porque cada un terá que facer méritos propios para ver si así convencemos aos veciños a ver si nos seguen apoiando, pero certo é que vostedes son un goberno que non tiveron un respaldo nas urnas



directamente polos partidos separados e ao final fixeron o pacto como un día dixo o compañeiro Primitivo de agora te quero agora no te quero e iso ao final leva a situacións esperpénticas de ver como unha parte do goberno vai en un sentido e a outra parte vai en outro sentido como moitas e tristemente decisións e situacións que vivimos en estes últimos catro anos e mais concretamente nestes últimos tempos con unha falta total de coordinación e sobre todo de lealtade, dende o meu punto de vista, dunha parte do goberno a outra parte do goberno, non me corresponde a min faltaría mais meterme en cuestións de partidos pero si teño que meterme co goberno que é o que estou facendo, porque vostedes son goberno señores, vostedes cobran un salario público dos veciños que pagan os impostos e sobre todo impostos super elevados porque vostedes unha vez mais non fixeron nada para impedilo no tema do catastrazo que por certo é unha pena que non digan vostedes publicamente que para o ano 2024 ao veciños vanlle subir a urbana un 25%, vostedes que aprobaron ese plan de axuste e saben porque, porque fixeron unha nefasta execución económica e iso ten consecuencias para os Salcedenses. Volvendo ao punto por suposto que nós estamos de acordo e por suposto que nós dixemos o que dixemos e fixemos o que fixemos por suposto e ese é o meu compromiso cos Salcedenses, a realidade é que si vostedes conseguiran certas melloras non terían vostedes problema en sacarse fotos ao lado deses méritos que se autoproclaman cando as executan outras administracións pero cando non se conseguen a culpa é desa administración é lóxico porque esa é a política que vostedes fan incluso da a sensación que vostedes fixeron o centro médico. Despois daquela moción de outubro do ano pasado onde acordamos unanimemente o que acordamos, aí está a hemeroteca e acta do Pleno e non vou a ler todo o que alí se dixo por parte de todos os grupos o que non é de recibo e que meses despois vostedes saquen esto, me parece moi ben, pero si vostedes fixeran un traballo previo e vostedes dende ese acordo plenario ningunha noticia ao respecto, ningunha iniciativa, vostedes non lideran, vostedes non convocan, vostedes simplemente e llanamente o que fan é dicir que a culpa e de todos os demais pero resulta que vostedes como goberno que son non lideran o que teñen que liderar que é conseguir a mellora para o noso pobo e para o nosos veciños, polo tanto estando totalmente de acordo con esa necesidade tamén quero recordar que o propio grupo de Movemento Salceda ni tan sequera tiñan claro o que querían pedir, un dos motivos polos que o Plan Xeral non tivera o apoio deste Grupo era porque precisamente Movemento Salceda plantexaba facer alí na Lagüela unha rotonda en altura, é dicir, facer uns pilares e facer a rotonda sobre a mesma estrada, é dicir cambiaríamos a ponte existente por uns pilares e unha rotonda encima da mesma estrada, eso esta no Plan Xeral e ese foi un de moitos motivos polos cales nós non apoiamos ese Plan Xeral porque non houbo ningún consentimento, ningunha proposta aceptada polo Goberno do que vostede por certo formaba parte. Por suposto que estamos de acordo en mellorar ese entronque, e por suposto que queremos traballar e pelear por esa rotonda en superficie que cambiaría radicalmente a entrada a Esfarrapada e ao casco urbano, que cambiaría completamente a circulación en todos os ámbitos, en todos os sentidos e en eso é polo que hai que traballar e o quen ten que liderar é o goberno si o goberno so se dedica en traer mocións ao pleno, en non facer reunións e non persistir, en non convocar e non intentar en empurrar todos da mesma e unha vez ao ano tocar o asunto, en dezaseis anos de goberno cantas veces vostedes pelexaron, claro que é difícil, claro que o lamentamos pero de aí a que realmente se implicaran a como hai que implicarse nun proxecto desta envergadura hai moita diferenza. Remato dando o apoio a esta moción e recordando que fai uns meses neste pleno tamén acordamos unanimemente que se quedou en reunirmos para facer un seguimento da mesma e dende entón por parte do goberno nin unha soa chamada a este grupo ao respecto.



**Sra. Alcaldesa:** Este é un tema que creo que todos os Grupos deberíamos estar de acordo, decir que mellorar o enlace na Lagüela é unha prioridade para Salceda non so, como decía o Concelleiro de Mobilidade, para desviar ese tráfico pesado co que estou totalmente de acordo senón tamén por cuestión de seguridade para toda a veciñanza e senón tamén porque facilitaríamos moitísimo a entrada na Vila, cal é o xeito de facelo o cal non é, si o Goberno debe poñer a primeira pedra ou debe reunirse eu creo se fixeron varias peticións á Xunta de Galicia con ese tema, creo que lle corresponde a Xunta de Galicia unha vez que se lle presenta unha proposta e si non está de acordo en facer a Xunta de Galicia outra proposta que tecnicamente sexa viable, creo que aquí todos e todas podemos decir moitas cousas, podemos presentar mocións, podemos debater pero é verdade que a Xunta de Galicia ten a responsabilidade e unha vez que se lle presenta unha proposta debería dar resposta sexa afirmativa ou negativa sobre esa proposta ou senón presentar unha alternativa para poder levala a cabo, mais alá diso creo que estes tres Grupos que formamos parte da Corporación creo que debemos unírnos e estar totalmente de acordo en que deberíamos poñer todo da nosa parte para que esa mellora fose efectiva canto antes.

**Sra. Castiñeira Alén:** Onde se viron plenos de gritos de expulsión de xente, de chamar ditador, ditadora creo que o noso nin tal mal, de cando en cando saltamos porque nos ferve a sangue sobre todo cando se trata de cousas tan importantes para a defensa da veciñanza eu non lle son tan templada hai cousas que me ferven e salto, disculpe en todo caso, e creo que ademais debería centrar un pouquiño o debate porque o run run de que si estamos divididos, non estamos divididos imos ver somos partidos diferentes con ideas diferentes e con unha forma de pensar diferente, iso é así e creo que non lle debe sorprender a ninguén en democracia, ou si?, o raro sería o outro, pero tivemos claro os obxectivos comúns nestes catro anos, siga repetindo, xa se acaba pero siga repetindo. O comentario do Centro de saúde ouxexa cando non se facía o Centro de saúde novo era culpa de Movemento Salceda, non púñamos os terreos, non facíamos a tramitación, non facíamos absolutamente nada e agora di que parece que se fixo gracias a nós, efectivamente, fíxose gracias a nós, a todos os veciños e veciñas que empuxaron, a todos os colectivos, as plataformas diversas e a Xunta non tuvo mais narices que cumprir con Salceda, efectivamente así foi, ata cinco veces nos reunimos en Santiago na Consellería de Infraestruturas con diversas persoas, ata cinco en dez anos, o digo por iso de falta de xestión. Outra cousa, a súa proposta estamos que nos responda quedou niso si a rotanda en superficie si era viable ou no, supoño que terán en conta a problemática peonil e por onde poden pasar os peóns con total seguridade unha estrada 510 e xa sabemos cantos accidentes houbo alí e todo o mal que produciron os accidentes, non fai falta que o recorde en esta sesión plenaria, mire por seguridade, por protección dos nosos nenos e nenas, porque o tráfico pesado pasa pola Gándara onde está o parque, onde están as piscinas, onde hai unha área deportiva, por emisión do dióxido de carbono para que sexa menor para a nosa Vila, por un feixe de cousas a Xunta ten que cumprir con Salceda e non ten que cumprir con este Goberno con quen ten que cumprir é coa veciñanza ou vostedes están aquí en representación de quen? terá que cumprir digo eu, e vamos a traer a moción todas as veces que sexa necesaria ata que a Xunta cumpra, vamos a facer todas as reunións e a realizar todas as peticións que sexan necesarias ata que a Xunta, de unha vez, cumpra coas súas competencias e mais mencione a Xunta de cando en cando e vótelle as culpas de algo sobre todo si son competencias súas porque parece mentira, Santi que ti estás aquí polos veciños e veciñas de Salceda.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sra. Dolores Castiñeira, xa lle dixen que vostede está en





plan defensa no seu partido única e exclusivamente e non está centrada no que é que é membro dun Goberno que a todas luces, independentemente que non lle guste o que escoitou están como están. Nós trouxemos esa iniciativa a pleno e resulta que vostede agora ven meses despois cando non fixo absolutamente nada dende outubro ao respecto, insisto unha moción unánime neste pleno en outubro proposta por este Partido e resulta que todos nos sumamos incluso vostedes fixeron unha aportación, porque saben vostedes ao que se dedicou? foi a gastar diñeiro público a decirlle aos veciños que estaban en esto, que esa valla costou x euros e resulta que eses 800€ poderían ser destinados a un colectivo que lle dan vostedes, por exemplo 600€ a unha asociación de veciños, pero hai que facer marketing e dicir que se fai cando realmente non se fai o certo e verdade e que vostede mesma acaba de dicir en dez anos cinco reunións si resulta que se reúnen unha vez cada dous anos por un tema tan importante do que vostedes din que é prioritario. A parte do debate político que é interesante sobre todo nos posicionamentos, por suposto que no fin estamos de acordo non nas formas e non na medida que vostedes pretendían ou pretenden facer esa obra ali por eso o noso posicionamento dende o inicio é unha gran rotonda en superficie e serán os técnicos quenes fagan ese proxecto e dar solución por suposto aos peonís e por suposto tamén aos vehículos agrícolas que teñen que pasar dun lado ao outro de esa estrada, pero eu creo e seguro que a maioría dos Salcedenses comparten con nós que a mellor solución sería esa gran rotonda en superficie por todo iso que vai a comportar a propia redución da velocidade do tráfico da PO-510 como tamén a 411 como a distribución total do sentido do tráfico en todas as direccións, etc, e sobre todo tamén o que lle cambiaría a vida ao veciños, mulleres, homes e nenos que viven neses edificios e que agora ven case a altura das súas ventanas o tráfico e a seguridade que vai a supoñer esa rotonda e que non temos agora coa incorporación hacia o centro do casco urbano, polo tanto como no fin estamos de acordo todos, loxicamente vamos a apoiar esta moción e seguimos a espera de que cando vostedes teñan a ben, esperemos que deixen de ser goberno para levar nós a iniciativa e senón o que lle pido ao próximo goberno que lidere esto e que nos convoque a todos e que sexamos partícipes todos para entre todos conseguir o que esa mellora dese cruce tan importante para o noso Concello.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:**

- Instar á Xunta de Galicia á execución do enlace en todas as dirección das estradas de titularidade autonómica PO-510 coa PO-411 na Lagoela, mellorando así a seguridade do Casco Urbano ao retirar o tráfico pesado do mesmo.

**Moción de URXENCIA do Grupo Municipal Movemento Salceda, sobre o servizo de pediatría do Centro de saúde de Salceda.**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

**Sra. Castiñeira Alén:** Unha vez que as ANPAS presenta unha moción sobre a problemática do servizo de pediatría do noso Concello a nós como partido político tócanos retirar a nosa quero comentarvos como xurdiu e contextualizar un pouco como foi a situación, na Comisión informativa que se celebra antes da sesión plenaria se falan de diversas cuestións hai un apartado na orde do día como no



pleno de rogos e preguntas, introducimos aí a necesidade de manter reunións con varios colectivos que estaban pendentes un deles foi o servizo de atención no fogar e falamos tamén de unha reunión que estaba pendente con vós e con unha das mamas que se chama Saray que iniciou todo o momento e sobre todo co voso esforzo, co voso traballo e coa vosa unión, nesa Comisión se falou do de pediatría finalmente acabamos pondo sobre a mesa e é mais e creo que concordabamos todos, ou eu creu, que a situación era tan complexa que me estrañaba que non mantiveramos unha reunión de portavocías con bastante anterioridade, isto xa leva bastantes días na rúa e creía que a xunta de portavoces era moi importante para tocar un tema como este foi canto quedaron de establecer datas de trasladárvolas a vos, vendo que se aproximaba o día e que non había ningunha outra moción nin se falara do tema nós dende Movemento Salceda decidimos meter esta moción para traela hoxe ao último pleno extraordinario da lexislatura a esta sesión e proceder ao seu debate, unha vez que as ANPAS presentan moción, **Movemento Salceda retira a súa para que vós defendades a vosa**, gracias por todo o traballo feito e o empuxe pola loita deste servizo fundamental para os nosos nenos e nenas, unha vez mais creo que é de xustiza que pelexedes por el e vades a ter todo o noso apoio. Gracias.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que con toda a honestidade e sinceridade os feitos non aconteceron así, cando xurdiu este tema de pediatría nas redes sociais eu contactei coa nai afecta dicíndolle que era bo manter unha reunión, de feito había unha reunión prevista, despois houbo un mal entendido e non se levou a cabo acto seguido me comuniquéi coa ANPA Landras e tamén me comuniquéi co resto das ANPAS porque vin que saía ese apoio unánime de outros colectivos nas redes sociais, nesa reunión mantida coas ANPAS se solicitou que fixera de intermediaria para convocar unha reunión co resto dos portavoces e co resto dos partidos da Corporación, a iso me comprometín e aproveitando esa Comisión informativa para o pleno eu mesma introducín o tema de que se había solicitado unha reunión e que esa reunión en que data se podía facer que se propuxera as datas mantendo en todo momento a petición que habían feito as ANPAS igual que outra solicitude de reunión que había de solicitude de axuda no fogar, esa foi un pouco a relación dos feitos, visto que ademais acordáramos cos Grupos e así llo trasladei ao colectivo a reunión para o próximo mércores, o luns lle pedín que se debería facer polo colectivo esta presentación desta moción e ata que tiven a confirmación de que a foran a meter non a trasladéi, trasladéi que se había metido isto. Con toda a honestidade creo que estamos en pre-campaña e creo que de verdade que non se debe utilizar isto para facer para quitar calquera tipo de rédito electoral de unha situación e dunha reclamación que me parece totalmente xusta, totalmente evidente e creo que o debe encabezar o colectivo que o quitou a rúa, creo que lles corresponde defender esa moción, defendela neste pleno, falar o que queirades no sentido que queirades creo que ningún dos Grupos se vai a opoñer a que lle dea a palabra creo que debemos ir todos e todas xuntas nunha situación tan importante como esta por suposto liderada por vós e non por ningún partido político senón que os partidos políticos os debemos acompañar nesta loita.

### **Moción de URXENCIA presentada pola Asociación ANPA LANDRAS - SALCEDA, sobre a gravidade da situación da sanidade pediátrica no concello**

A representante da ANPA LANDRAS-SALCEDA da lectura da moción seguinte:  
" Moción ao pleno ordinario do 27 de abril do 2023 presentada pola ANPA AS LANDRAS contando co apoio da ANPA PANTEL, ANPA ALTAMIRA, ANPA OS



MENIÑOS DE SALCEDA E SAPIX sobre a necesidade de cubrir a baixa da pediatra titular a tempo completo e continuar coa petición de esa segunda pediatra que levamos esperando demasiado tempo. Queremos amosar a nosa preocupación polo deficiente servizo de pediatría na nosa Vila, Salceda de Caselas da que se presume por ser un dos Concellos mais novos de Galicia conta agora mesmo con arredor de 1.500 nenos e nenas en idade de pediatría por este motivo lévase pedindo moitos anos a Xunta de Galicia que dote ao noso pobo con unha segunda praza de pediatría xa que o elevado número de cartillas 1.269 supón unha sobrecarga de traballo para unha persoa sola. Tras a baixa da pediatría titular a precariedade do servizo de pediatría agrandouse enormemente fomos sabedoras de que esta baixa non se está cubrindo correctamente uns días non contamos con pediatra e nas últimas semanas a que tiñamos asigna acudía so a media xornada, dende a Alcaldía informóusenos de que a orde que tiña o persoal do centro de saúde, as horas que esta persoa non se atopaba na consulta era derivar as familias ao Álvaro Cunqueiro. Fai unha semanas a directiva ANPA AS LANDRAS iniciou unha campaña para coñecer de primeira man o que estaban a sufrir as familias da Vila, historias anónimas que se repetían, non hai pediatra, os menos e nenas teñen que ser atendidos por outros facultativos, canceláanse citas sen previo aviso, danse citas sen saber si haberá ou no pediatra e si hai sen saber o horario que terá e un largo etc., a consecuencia disto e que as familias vémonos obrigadas a desprazarnos ata Vigo para ter a seguridade de que os nosos fillos e fillas van a ser atendidos por profesionais da pediatría, entendemos que esta situación chega a xerar un colapso nas urxencias do propio hospital e tamén todos e todas coñecemos o problema que temos no transporte de Salceda e por ese motivo a moitas familias lles resulta complicadísimo chegar a Vigo, queremos que as excusas cesen, esas excusas que levamos demasiado tempo escoitando como si iso fora suficiente para que os menos e nenas de Salceda non teñan unha sanidade de calidade no seu propio Concello, basta de decirnos isto pasa en outros moitos sitios, non queremos escoitar unha vez mais que non hai profesionais, queremos escoitar que lle van a ofrecer as condicións que merecen para que decidan quedarse en Galicia e realizar a súa profesión na sanidade pública.

Queremos tamén trasladar as palabras que nos deron moitas familias dirixidas aos políticos do Concello; solo vos pedimos que vos paredes a pensar como nos sentimos as familias que decidimos vivir en Salceda e formar unha familia, que sentimos cando a nosa nena precisa atención médica en ocasións urxentes e chegamos ao Centro de saúde e nos derivan ao Cunqueiro, que sentimos nese intre cando non temos como desprazarnos, que sentimos cando apostamos polo rural e nos abandonan, que sentimos cando os políticos da Vila non loitan, de verdade, polos nosos dereitos, dereito a saúde, dereito a ter servizos básicos, non pedimos nada que non nos pertenza pedimos que se reflexione, pedimos que se movan e pedimos que se unan nesta loita.

Por todo o exposto a ANPA AS LANDRAS propón ao pleno da Corporación Municipal de Salceda de Caselas que inste a Xunta de Galicia a cubrir a praza da única pediatra coa que contamos correctamente e de forma continuada.

Que continúen demandando a segunda pediatra tal e como lle trasladamos ao Concello no Consello sectorial."

**VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.**

**Sr. Rodríguez Davila:** Gracias a todos os colectivos, a todas as ANPAS e a todos os colectivos se suman sempre a reivindicacións xustas e necesarias de sobre



todo cando lle toca ao que mais lle queremos que son os nosos fillos aquí cada un ten motivos mais que suficientes ou uns mais que outros porque uns temos fillos en idade de atención pediátrica e por suposto os que así temos somos directamente prexudicados de segun como este en cada momento a atención do servizo, non moito mais que engadir ao que acabades de manifestar estou seguro que moitas de vós e moitas nais, pais e familias viviron situacións tristes e non desexadas no Centro de Saúde tamén é certo que hai experiencias emotivas que a veces te emocionan e como os profesionais atenden e resolven situacións e polo tanto tamén hai momentos gratificantes non todo é negativo na vida pero neste momento dada a situación que estamos a vivir con esa non atención total do servizo de pediatría como si é necesario pois son moitísima máis a parte negativa que positiva. Agradecer a iniciativa e unha vez mais a sociedade da unha lección aos políticos que toman a dianteira e despois nos sumamos, aquí non quero manifestarme o que pasou na Comisión nin como actúa ou actuamos os grupos ao respecto, simplemente por respecto a vós e a todos os que tomastes a iniciativa o noso apoio e esperemos e estou convencido que seguiremos aí para intentar entre todos mellorar e seguro que o están facendo e buscando unha solución que non é fácil pero que seguro que o están facendo sen lugar a dúbida, polo tanto gracias e o noso apoio a este reivindicación xusta, necesaria para o pobo e para sobre todo para os nosos fillos e fillas.

**Sra. Castiñeira Alén:** Gracias de novo, a min si que me gustaría discutir e rebater moitísimos asuntos pero por respecto a vós e porque pedides unanimidade, punto de encontro e loita común non o vou facer. Non me gusta que se poñan excusas con este tema eu non son mama pero non por iso me importan menos os nosos nenos e nenas de Salceda eu creo que hai que pelexar e defender os intereses de algo tan importante como os nenos e nenas de Salceda, levamos con isto dende 2015-2016 que se creou a plataforma de pediatría colapsada, no seu momento a excusa era a falta de accesibilidade agora é outra, falta de profesionais resulta que nas clínicas privadas hai pediatras, pero por respecto a vós non vou entrar en debate, moitísimas gracias polo seu traballo dende logo Movemento Salceda vai estar diante, no medio, detrás onde queiramos que estemos pero vamos a pelexar a reo por algo que creemos que é de xustiza, non so un servizo de pediatría digno senón esa segunda praza de pediatría que nos corresponde por número de nenos e nenas do noso Concello que ademais teño que agradecerlle a Marta, Alcaldesa de Salvaterra, que no seu momento apoiase a posibilidade de compartir pediatra, nós vamos a seguir pelexando por isto e si creo que como políticos e políticas temos a responsabilidade de facelo, enormemente orgullosos de que esteades facendo todo isto levando este traballo pero nós tamén vamos a estar aí ao voso lado.

**Sra. Alcaldesa:** Me sumo as palabras de agradecemento por esta iniciativa, creo que todos e todas vamos intentando empurrar toda esta situación para melloralala eu si quero aclarar que o Concello en si non ten competencias en sanidade non somos quen poñemos nin quen quitamos pediatras nin quen organiza o Centro de Saúde de Salceda si ben entendo e como Alcaldesa teño a responsabilidade de loitar por isto, de facer todas as xestións institucionais necesarias e mais que houbese para poder loitar por esta causa que como decía antes me parece xusta. Fai unhas semanas se pedira unha xuntanza coa Consellería de Sanidade e co Xerente da área sanitaria de Vigo nas últimas horas recibín unha chamada de que quere reunirse e quere manter esa reunión no momento en que a peche seredes informadas, esperemos que sexa nos próximos días, nós como resposta a esa reunión agradecemos tamén que Xerencia haia chamado e esperemos que entre todos e todas xuntos loitemos por unha causa xusta e que isto saía a diante e mellore a calidade asistencia que tamén teño que decir é que teño que alabar o



esfuerzo que moitas veces fan os facultativos nas condicións en que están, a coordinación do Concello coa coordinadora do Centro de Saúde é semanal, me informan continuamente, hai esa cordialidade, esa información que ten que haber e espero que a Consellería con esta reposta a reunión da Xerencia se consiga algo. De novo moitas gracias por estar aquí.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a cubrir a praza da única pediatra coa que contamos correctamente e de forma continuada.
- 2.- Que se continúe demandando a segunda pediatra.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos dende o núm. 2023-0179 de 16 de febreiro ata o núm. 2023-0500 de 21 de abril.**

Queda dada conta.

**Dación de conta do informe de intervención núm. 2023-0078 sobre reparos realizados no exercicio 2022**

Queda dada conta.

**Dación de conta do informe de intervención núm. 2023-0079 dos resultados do control interno no exercicio 2022**

Queda dada conta.

**Petición de Comparecencia da Concelleira de Facenda, ao abeiro do artigo 51.a) do ROM**

**Sr. Níñez Troncoso:** Nós pedimos a comparecencia da Concelleira de área, neste caso, Lucia, dado que como todo mundo sabe no pleno celebrado o 10 de marzo vostedes aprobaron un plan de axuste que ademais de incrementar o IBI para o 2024 un 25% iso si que nos quedou claro pero o que non nos quedou claro e o da revisión das distintas ordenanzas fiscais, non sabemos si van a incrementar o imposto do rodaxe, non sabemos en canto, non sabemos si van a incrementar o imposto de construción (ICIO) e canto, non sabemos si van a incrementar as taxas por licencias urbanística, lixo, etc, etc, no propio plan de axuste está recollido moi escuetamente pero non está nada desglosado, eu creo que é necesario que os veciños o sepan, nós pedimos por escrito que se nos facilitara esa documentación así como as facturas que hai pendentes a 31 de



decembro do 2022, o solicitamos fai aproximadamente un mes a día de hoxe non temos esa información ese foi o motivo de pedir a comparecencia da Concelleira de área, lembrar que a 31 de decembro de 2022 a deuda que ten o Concello é mais de 3.500.000€.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a comparecencia, esta resulta APROBADA por UNANIMIDADE dos DOCE Concelleiros presentes neste sesión.**

**Sra. Pereira González:** Xa o advertira a compañeira Loli Castiñeira polo mes de outubro de que seguramente estábamos ante unha nova estratexia do Partido Popular de facernos comparecer pleno tras pleno e non se equivocou así foi e chegamos incluso a este último pleno ordinario da lexislatura con unha petición de comparecencia, o obxectivo seguramente buscar o desgaste deste equipo de goberno con estas comparecencias que son mais propias das grandes institucións e non dos pequenos Concellos onde existen canles de comunicación directa tanto coa veciñanza como con vós que estamos no Concello a o voso dispor, tedes o noso teléfono por si tedes algunha dúbida e tamén tedes os técnicos a o voso dispor. Sorpréndeme enormemente o motivo polo que se solicita a miña comparecencia, a situación económica do Concello de maneira global, levamos nesta lexislatura catro Contas Xerais en prazo, catro liquidacións en prazo, catro orzamentos aprobados, a situación económica do Concello si se estudian os temas para o pleno supoño que a saberán, un expediente que ven regulado polo Ministerio de Facenda no que o Concello vai seguindo os pasos que veñen marcados, un expediente que non ten nada de escuro nin de estraño, que moitos Concellos dirixidos por compañeiros seus tamén están inmersos, un expediente que xa preguntaron no pleno de febreiro, un expediente que viu a un pleno extraordinario con ese único punto e tamén me consta que visitaron a interventora municipal buscando información o cal é lóxico e normal e mesmo así o Partido Popular solicita a miña comparecencia no sei o que buscan ou esperan atopar nesta comparecencia pero eu vou comparecer.

En canto ao plan de pago a provedores en xeral, a finais de febreiro de 2023 tivemos coñecemento primeiro de maneira informal e días mais tarde de maneira oficial, que o Ministerio de Facenda viña de establecer un mecanismo de pago a provedores para determinadas Entidades Locales para atender a sus obligaciones pendientes de pago con cargo al fondo de financiación de Entidades Locales, este é o título do expediente, de eses Concellos algúns tiñan que adherirse de xeito obrigatorio e outros, como o caso de Salceda podíamos facelo de maneira voluntaria, si o Concello de Salceda pode adherirse é porque ten os deberes feitos, temos remitidos os informes trimestrais que foi o que serviu de base que Concellos tiñan que facelo de maneira obrigatoria, que Concellos de maneira voluntaria e cales non podían adherirse. O mecanismo como xa se explicou no pleno extraordinario do mes de marzo en termos xerais consiste que o Ministerio se vai a facer cargo das facturas que o Concello teña sen pagar ata un importe máximo de 2.203.230€ esa foi a cantidade que se estableceu e que despois se devolverá en forma de préstamo, en función do número de provedores que acepten o pago a través deste mecanismo será a cantidade que teñamos que devolver, este importe esta cifra non é pechada, esta cifra depende da cantidade de facturas que se traspasen e da cantidade de facturas que se acepten, como contrapartida a este préstamo, ademais de devolver o diñeiro evidentemente, como requisito se exige a elaboración dun plan de axuste, un plan de axuste que busque devolver o equilibrio a situación que o Concello tiña e trate de nivelar gastos e ingresos, insisto que todo isto xa se explicou no pleno de marzo, así de maneira resumida é no que consiste o plan, obrigacións e contrapartidas. O 10 de



marzo aprobouse en sesión plenaria a solicitude de adhesión ao plan, a solicitude do préstamo e tamén o propio plan de axuste, ese mesmo día enviouse ao Ministerio pola plataforma habilitada ao respecto e a finais de marzo na propia plataforma aparece a validación por parte do Ministerio, uns días mais tarde contacta con nós a entidade A BANCA que é, no noso caso, a encargada de formalizar o préstamo para precisamente esas cuestións, aperturar a conta onde se vai a cargar o préstamo, formalizar o préstamo, estes trámites realízanse entre o 30 de marzo e o 5 de abril dentro dos prazos previstos estipulados no cronograma, continuando coa tramitación establecida entre os días 14 e 28 de abril os Concellos tiñabamos que remitir o listado de facturas sen pagar é así se fixo, o día 18 tiñabamos todo preparado para enviar houbo unha serie de problemas técnico que se subsanaron e que finalmente o día 20 puidemos subir a plataforma do Ministerio o listado en Excel no formato e na plantilla facilitada e cos datos que solicitaban. A relación de facturas que se subiu suman un total 2.119.967,22€ correspóndense, tal como era requisito, facturas sen pagar do exercicio 22 pero tamén inclúe facturas do mes de xaneiro e do mes de febreiro todas as presentadas por rexistro, e este foi o importe que conseguimos que se aproximara a cifra máxima que tiñamos concedida, e isto é o que hai ata o día de hoxe, aínda estamos en prazo para subir facturas, maña remata o prazo para subir facturas, nós xas temos subidas pero aínda estamos en prazo e a partir de agora veñen uns pasos mais que son pasos alleos ao Concello, o seguinte paso vai a ser para os provedores no noso caso uns 230 provedores que teñen entre o 3 e o 12 de maio para aceptar na páxina da axencia tributaria ese pago delegado, teñen que confirmar que os importes corresponden, que as facturas son correctas, en funcións das aceptacións ese será o importe do préstamo polo tanto a día de hoxe nin sequera sabemos cal é o importe pechado do préstamo, si nós subimos facturas por 2.100.000€ pero si solo aceptan 1.500.000€ ese será o importe do préstamo polo tanto xa non dependen de nós senón dos provedores que acepten e a día de hoxe non lle pode anticipar mais datos, nin mais cifras porque o expediente está pendente de concluír, si todo vai ben, si a información é correcta, si os 234 provedores aceptan o pago de eses 2.119.000€ pois a situación económica futura do Concello, que supoño que será o que queren saber, pois será que temos un orzamento do 2023 no que se poderá empezar a imputar facturas a partir do mes de marzo porque as do mes de xaneiro e febreiro xa estarían pagadas con este procedemento, como digo iso é falar de futuribles a día de hoxe aínda non estamos nesa fase. En resume temos un orzamento do 2023 en disposición de imputar os gastos de febreiro e teremos que devolver ese préstamo de 2.200.000€ en doce anos que nos ven salindo unha media de 300.000€ de amortización nos oito últimos anos xa que nos primeiros son de carencia so se pagan os intereses. Quero recordarlles que neste momento o único préstamo que temos concertado é para pagar a expropiación dos terreos do parque Raiña Aragonta esa brillante xestión urbanística do goberno do PP que nos custou aos salcedenses case 1.000.000€ e que nestes momentos a deuda viva é entorno a 500.000€ que supón un 10% e que está moi por debaixo do 75% permitido. E ata aquí o que lle podo dicir sobre o expediente do plan de pago a provedores que supoño que é o que descoñecían, en canto a plan de xuste xa foi obxecto de debate nun pleno extraordinario que se convocou especificamente para iso e entendo que ese non é o obxecto do debate porque xa foi debatido. E por último so lle quero aclarar que independentemente do pago das facturas falta a parte da aprobación aínda que esas facturas sexan pagadas pola Axencia Tributaria nós internamente e a nivel contable para que quede correctamente pechado o exercicio haberá que aprobalas en un recoñecemento extraxudicial de crédito, a cifra que decía Joaquín, as facturas presentadas ata o 31 de decembro suman 1.584.579€, está un pouco lonxe dos tres millóns, esas son as facturas que quedan sen pagar do exercicio 2022 ás que lles sumamos xaneiro e febreiro



por un importe de 535.000€ e aí temos os 2.111.000€ que se subiron a plataforma e que están pendentes de aceptación por parte dos provedores pero recoñecemento extraxudicial de crédito vai haber pero non con cargo ao orzamento senón con cargo ao suplemento que se xere con ese crédito concedido. Ata aquí a miña comparecencia, creo que quedou claro e é fácil de entender.

**Sr. Núñez Troncoso:** Tal como dí parece que estamos nunha bonanza económica, ouxexa que pedimos un préstamo, parece que é un préstamo gratuito nolo dan e punto e resulta que o temos que pagar durante dez anos, empezamos a pagar intereses e amortización dentro de tres anos e resulta que deses 2.100.000-2.200.000 levan 600.000€ de intereses, pero según vostede debe ser gratuito, si se pide o préstamo é porque a situación económica é nefasta, porque pedimos documentación a eso que vostede ten aí ? porqué non nolo facilitou que o pedimos o 30 de marzo? A eso chama vostede transparencia da que tanto alardean, un mes que pedimos a documentación e non a temos e parece ser que vostede a ten aí, porqué non nos facilitou esa información sabendo que son cinco días? Di que a deuda a vai pagar a Axencia Tributaria a vamos pagar os veciños, cando sepan os veciños que para o ano despois do sablazo teñen que pagar o 25% mais de todos os recibos de IBI. O plan de axuste entre outras medidas que aínda non nos contestou, que taxas, que impostos, que ordenanzas fiscais van a modificar aínda non nos dixo cales, nin que implica iso, canto se vai a incrementar as taxas, porque a minorar o dudo, minorar outros impostos o dudo, o plan de axuste onde vostedes recollen entre outras medidas incrementar ese 25% do IBI non nos pretendan enganar o aprobaron vostedes os sete non este grupo non se olvide. Deberes feitos, qué deberes feitos teñen vostedes a maior deuda da historia do Concello de Salceda de Caselas eso si que batemos o récord esa é unha realidade que está aí documentada. Lle entendín decir que se iba a pagar o primeiro recoñecemento a cargo deste mecanismo si mal non lembro vin dous decretos firmados pola Alcaldía onde se paga parte creo que eran 500.000€ aproximadamente parte desas facturas que deixaron sen pagar a cargo do orzamento deste ano, entón non me diga vostede que vamos a iniciar, por certo sen traer a este pleno e decía vostede neste pleno, 14 de febreiro o próximo, se refire ao segundo recoñecemento, se traerá o mais pronto que poidamos que xa lles anticipei que posiblemente para o ordinario non da tempo pero que será na primeira quincena de marzo mais ou menos xunto co orzamento, pois nin un nin o outro e levamos mes e medio a maiores, transparencia señora Concelleira de área, respecto ao orzamento prorrogado como mínimo 500.000€ xa lle quitou a conta das facturas que deixaron sen pagar do ano pasado, entón non nos plantexe vostede aquí unha situación de bonanza porque sabe perfectamente que non a é, a maior deuda histórica que deixan vostedes neste Concello esa é a realidade.

**Sra. Pereira González:** Non será unha gran bonanza pero non é a situación catastrofista que vostedes pintan, dende logo. Claro que eu teño información faltaría mais que a Concelleira non tivera información o que si que non son eu é a responsable nin de facilitarlla, nin de recopilarla para darlla eso non é responsabilidade miña e si non se lle facilitou será porque os departamentos están sumamente ocupados en quitar o traballo adiante e eu creo que así llo manifestaron cando visitaron a interventora, o departamento está ata arriba facilitaráselle non teña medo pero nestes días houbo trámites que facer e que levaron moito tempo e o prioritario é cumprir os prazos do procedemento e chegar en tempo. En canto ao plan de axuste e as medidas, xa houbo un pleno extraordinario onde se debateu e aprobou o plan de axuste, saben o que é o plan de axuste de verdade? O plan de axuste é un documento onde se pon unha serie de medidas que se van a levar a cabo pero que non están tomadas xa, como di





que poñamos un bando coas medidas.. pero están modificadas as ordenanzas a día de hoxe? Como vamos a poñer un bando coa ordenanza que non está modificada, hai un documento que marca unha guía, unha serie de pasos que se intentaran dar ou que se van a dar pero que neste momento non están dados é unha intención de facelo pero non están feitos, como se vai poñer un bando dicindo que se vai subir o IBI si non está subido a día de hoxe, a revisión das ordenanzas será na medida que se poida non o sei, na medida que se poida se revisará si se pode unha, si se pode dúas e si non se pode ningunha. En canto ao orzamento e ao recoñecemento é un pouco o mesmo a actualidade e o que mandou e o que marcou os prazos foi este expediente para este expediente non era necesario ter o recoñecemento de crédito aprobado senón que se pode aprobar ao largo do exercicio pois urxiría mais telo preparado que traer o recoñecemento a pleno e o mesmo ocorre co orzamento non chegamos a tempo, non foi posible e tampouco é moi de recibo aprobar un orzamento as portas de unhas eleccións que nin sequera vai quedar aprobado definitivamente que vai quedar aprobado inicialmente e que despois será a seguinte corporación a que o teña que aprobar de maneira definitiva, polo tanto o traballo base está feito había moita parte avanzado, o capítulo 1 xa está bastante pulido o capítulo 2 está mais ou menos, está bastante avanzado pero creo que non é urxente deixar un orzamento medio aprobado nin era prioritario neste mes que como lle digo o plan de pago a provedores marcou os tempos en intervención.

**Sr. Núñez Troncoso:** O Plan de axuste como nós di a Alcaldía está aprobado fai uns días polo Ministerio, para nada no rogo pon que se apliquen xa as medidas nin que estean aprobadas esas medidas, ese plan de axuste o teñen que cumprir ou no? Teñen que cumprir que para o ano van a subir o IBI o 25% si ou no? Si verdade, por iso é o que estamos pedindo que publiquen un bando coas medidas contempladas nese plan de axuste a aplicar no 2024, eso é o que estamos pedindo porque non sabemos tampouco que ordenanzas fiscais van a modificar, simplemente estamos pedindo que se publique un bando coas medidas propostas no plan de axuste nada mais. Fala vostede do orzamento, o orzamento xa tiña que estar enriba desta mesa en outubro do 2022, sete meses mais tarde e non temos sinais del, si a vostede lle parece razoable que a estas alturas aínda non se sepa nada do orzamento cando xa tiña que estar en outubro, apague e vámonos. Non me contestou nada do que teñen previsto de incrementar impostos, de incrementar taxas, de incrementar precios, non nos dixo nada de nada. Respecto da documentación non é tanto traballo, si vostede a ten que problema hai en facilitarnos a nós unha copia, si vostede ten a documentación soamente é darlle ao clic e enviala.

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### ROGOS

#### **Publicar Bando coa información do Plan de Axuste Económico do Concello de Salceda, presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**SR. Rodríguez Dávila** da conta do seguinte rogo: " Os bandos informativos son un dos medios de comunicación máis demandados e empregados polos veciños buscando información actualizada relevante cos acontecementos do



Concello, e debido á importancia que supón para os/as salcedenses os Plans de Axuste Económico, desde o Partido Popular consideramos necesario que o Concello publique un bando con esta información en búsqueda de transparencia, xa que os veciños deben e teñen que ter acceso a toda a información.

Por todo o exposto anteriormente, ROGO,

**PUBLICAR UN BANDO COA INFORMACIÓN DO PLAN DE AXUSTE ECONÓMICO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.”**

**Sra. Alcadesa:** Se recolle o rogo e creo que a Concelleira de Facenda xa lle deu as contestación pertinentes.

**Revisión da distribución das prazas de aparcamento na rúa Joaquín Fernández Sestelo, presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**Sr. González Souto** da conta do seguinte rogo: “Na rúa Joaquín Fernández Sestelo acometéronse obras de urbanización modificando as zonas adicadas a aparcamento. Na nova distribución detectase, na zona das panaderías un deficitario aproveitamento do espazo, resultando dous tramos de 13 e 14 metros (aprox) separados por unha árbore, tal como se indica na seguinte imaxe.

Esta disposición dá en total 4 prazas, dúas en cada tramo. Como se pode corroborar nas seguintes fotos, as prazas son demasiado amplias, mostrando un desaproveitamento claro nunha rúa moi solicitada pola súa actividade comercial.

Para gañar unha praza máis de aparcamento chega con desprazar a árbore cara un dos sentidos co fin de crear tres prazas nun lado e manter dúas noutro.

Esta praza a maiores que está en zona azul, estimando un uso por 10 vehículos o día, poderían ser 300 servizos o mes, ou 3.600 o ano. Servizos que traducense en xestións ou compras nos comercios próximos.

Polo anteriormente exposto rogase teñan en conta esta proposta coa finalidade de optimizar o espazo urbán coa creación dunha nova praza de aparcamento na rúa indicada.”

**SRa. Castiñeira Alén:** Me parece moi interesante o que plantexas a verdade e que non era consciente delo, si que era consciente de algunha deficiencia mais en canto a pintura que hai nesa rúa de feito co tempo mudaremos a praza de persoas con mobilidade reducida, discapacidade e cambiarémola de sitio por dificultades de entrada no garaxe da veciñanza que nolo teñen solicitado, en canto poidamos se acometerá certo que é difícil agora volver a repintar porque o pintado se fixo sobre o adoquinado, son das que penso que si corrixir é para ben admítese o erro non hai problema e moitas veces as cousas poden ser fermosíñas en papel pero logo na realidade é outra, agradézoche a aportación e trataremos de corrixila .



**Sr. González Souto:** Revisando as actas dos plenos démonos conta de que as actas non están subidas. Hai dúas páxinas do Concello, na sede electrónica solo temos subidos os últimos quince plenos do ano 2021 e na outra páxina creo que hai algún do 2022, calquera persoa que queira consultar algún pleno non o ten dispoñible, reitero porque este rogo xa non é a primeira vez que se fai xa se fixo varias veces dicindo que a transparencia non é tal porque non están a actas como teñen que estar.

**Sra. Alcaldesa:** Se recolle o rogo e aproveitando que hoxe se aprobaron tres actas intentaremos poñelas ao día para que a toda a veciñanza teña acceso a todas elas.

**Sra. Pérez Domínguez:** Cónstame que algunha mama do cole de Picoña viu a falar con vos para pedir unha carpa, toldo para os días de choiva cando vamos a recoller e levar o menos, para que os menos non se mollen tanto nin vaian cos pes tan húmidos.

**Sra. Alcaldesa:** Recollo o rogo, como sabedes a compañeira que leva educación está de baixa non sei si esa mama falou con ela, estoume encargando eu das súas áreas mentres non se incorpore, recollo o rogo e haberá que plantexalo nesa obra de cambio de tellado que se vai levar a cabo durante o verán se prodece aproveitar e mellorar si é posible.

## PREGUNTAS

**Sr. Rodríguez Davila:** Cando se ten pensado arranxar no barrio de Casás respecto da zanja que se abriu para acometer esa mellora na traída parroquial, nos consta que dende o goberno se comprometeu a asfaltar, nos consta que se lles dixo que se iba a executar cando se asfaltase a estrada de Cámara Agraria ata Maceira, bastante paciencia tiveron os veciños xa van mais de seis meses e segue tal cual.

**Sra. Castiñeira Alén:** Efectivamente bastante paciencia tiveron e están tendo. Inicialmente por aforro de custes da traída foi de colaboración estaba previsto esa obra como facemos en todas as obras de asfaltado, reparación e mellora de viais públicos pómonos en contacto coas traídas municipais por si hai necesidade de mellorar algún treito, de reparar algún treito se aproveite a obra, naquel momento non íbamos a asfaltar ese treito por onde pasaba a traída pero si a súa cercanía que era o treito que era da Cámara Agraria ata o largo de Casas e dirección Maceira, certo que se demorou moitísimo por diferentes circunstancias, o que falamos sempre os prazos son os que son, licitación, contratación, adxudicación de empresa, en todo momento se informou aos veciños chegou por fin a obra se asfaltou a estrada, si ven é certo que con unha extendidora non válida para esas zanjas que tiña que ser mais pequena e moitos treitos feitos a man, foise a empresa da obra de Casas e o meu compromiso cos veciños e coas



veciñas é de rematar esa obra e finalmente a van a facer a mediados da semana que ben comezan as obras si o tempo o permite, o luns informei desta situación a presidenta da traída. Aproveito este pleno para pedirvos desculpas. Fechi que será a empresa que execute a realización de esas zanjas dixo que a metade de semana que ven executará esa obra xunto con outras que quedaron pendentes.

**Sr. Rodríguez Davila:** Vai ser a mesma empresa que fixo a obra? Vaise asfaltar solo o ancho da zanja ou vaise asfaltar un pouco mais do ancho?

**Sra. Castiñeira Alén:** A adxudicación foi a empresa Construcciones Pérez, e Construcciones Pérez fixo a adxudicación que considerou. Entendo que a reparación será correcta, vaise realizar todo o ancho que sexa necesario para que a zanja quede ben.

**Sr. Rodríguez Davila:** Para rematar dado que é o último pleno ordinario deste mandato. Primeiro desexar unha pronta recuperación a Ángela Ledo e todo o noso ánimo dende aquí un abrazo e que o importante é a cordialidade entre persoas e evidentemente a discrepancias lexítimas políticas e noso apoio e o noso ánimo ao respecto. Aos Concelleiros de Movemento Salceda tanto a Miguel como a Lucía independentemente de todos os debates, das discusión, das discrepancias e a veces o non entendemento ao final o mais bonito é pasar pola rúa e seguir saudándonos iso é o que pretendemos todos e a veces non se consegue eu o intentarei e seguro que vos así o faredes, o noso respecto e o noso agradecemento hacia vós. E tamén aos compañeiros deste grupo tanto a Noelia que leva catro anos na Corporación agradecerlle que dera o paso porque como sempre dixen, si os veciños podemos formar parte das candidaturas dos diferentes Partidos Políticos non din si a formar parte desas candidaturas pois os veciños non terían esa oportunidade de votar e que cada un de nos os representemos e polo tanto todos e cada un dos que forman parte das candidaturas de tódolos partidos teñen o meu agradecemento porque a veces é difícil dar o paso por todo o que significa, por tanto Noelia gracias porque hai catro anos dixeches que si a formar parte deste grupo para representar os veciños tanto de Picoña como de Salceda e gracias polo teu traballo a pesar das dificultades de compaxinar a vida familiar e traballo con esto; Tivo, as circunstancias da vida van cambiando, as situacións van cambiando pero seguiremos aí traballando e contando contigo sempre porque ao final as persoas que aportan sempre é importante telas arredor de un e gracias pola lealdade, sempre, polo traballo e pola túa aportación; e Angela que é máis veterana de todas leva 12 anos nesta Corporación, iniciamos xuntos ese camiño dende o 2008 que nos fixemos cargo do partido e polo tanto moitas gracias Angela e seguro que vas a seguir aí ao lado. Moitas gracias aos tres e aos demais seguir traballando por Salceda que é o que nos toca.

**Sr. González González:** Este é o último pleno ordinario, eu encantadísimo de formar parte desta Corporación, refírome a todos os compañeiros e compañeiras do Goberno e oposición en xeral, todos moi ben con bo tono excepto en algúns enfrontamentos que tivemos como é lóxico, entran dentro do debate político que hai que ter sempre porque diferencias sempre as hai senón seríamos todos o mesmo partido, como vai haber dous plenos e teremos ocasión de facer unha despedida como dios manda.

**Sra. González Pereira:** Me sumo as palabras de Miguel e de Santi, e as miñas



desculpas para os momento nos que non estiven como nos houbera gustado pero evidentemente un defende aquí a súa parte, un pracer coincidir estes catro anos con todos vós e nós seguiremos por Salceda.

**Sra. Alcaldesa:** Xa o dixen no pleno de investidura que cada Alcalde ou Alcaldesa que pasaba polo posto que agora mesmo ostento entendo que quere facer sempre o mellor para o pobo, sempre con boa intención, no caso dos Concelleiros e Concelleiras estou segura que tamén seguen nesa liña, vos emprazo a mirarnos nos seguintes plenos e por suposto a mirarnos por Salceda, con ese bo talante e ese bo tono que solemos manter salvo excepción aquí.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

